

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA ÁS VINTE HORAS E CORENTA MINUTOS DO DÍA VINTE E CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL DEZ.

SEÑORAS E SEÑORES ASISTENTES

PRESIDENTE:

D. RAFAEL GARCÍA GUERRERO

CONCELLEIRAS E CONCELLEIROS PRESENTES:

D. ROSALINO GARCÍA NOVO.
D^a ROSA ANA MARIÑO GONZÁLEZ.
D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ CANABAL.
D. JOSÉ RODRÍGUEZ AGULLEIRO.
D. XOSÉ BIEITO GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ.
D. XOSÉ BERNALDO CASTRO CAMPOS.
D^a MARÍA DOLORES CARAMÉS HERMO.
D. ANTONIO PÉREZ INSUA.
D. MANUEL SOMOZA LORENZO.
D^a MARIA DOLORES GARCIA HERMIDA.
D. JOSÉ LUIS TRILLO SUÁREZ.
D^a MARÍA BEATRIZ ROSENDE PAZ.
D. JUAN MANUEL LÓPEZ PAIS.
D^a ADELINA DOLORES CREO LUHÍA.
D^a MARÍA ISABEL REINO CASTRO.

CONCELLEIRO E CONCELLEIRAS AUSENTES:

D^a ALICIA POMBO ALCALDE.

SECRETARIA:

D^a RAQUEL B. BAHILLO VARELA

Noia, vinte e cinco de xuño de dous mil dez, sendo as vinte horas e corenta minutos, reúnense, baixo a presidencia do alcalde, don Rafael García Guerrero, as concelleiras e os concelleiros que á marxe se indican, en total DEZASEIS dos DEZASETE que de dereito compoñen a corporación, ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada en forma legal.

Comprobada pola presidencia a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, a teor dos artigos 46.2.c. da LRBRL e 90.1. do ROF, pasouse a despachar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, que se relacionan:

- 1 .- Aprobación da acta da sesión de data 28/05/2010.
- 2 .- Dación de conta das resolucións da número 2214/2010 á número 2599/2010 e actas da Xunta de Goberno Local de datas 25/05/2010, 01/06/2010, 08/06/2010 e 15/06/2010.
- 3.- Dación de conta dos informes de Intervención Municipal sobre a estabilidade orzamentaria dos meses de abril a xuño de 2010.
- 4.- Redución das retribucións dos cargos electos con adicación exclusiva.
- 5.- Regulamento do programa Xantar na casa.
- 6.- Rogos e preguntas.

O señor alcalde pide desculpas polo problema coa megafonía. Desculpa a ausencia da concelleira señora Pombo Alcalde por motivos familiares.

1 .- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 28/05/2010.

Non formulándose ningunha obxección á redacción da acta da sesión plenaria realizada o vinte e oito de maio de dous mil dez, por parte da Presidencia sométese a votación, sendo aprobada por unanimidade das e dos asistentes, excepto o señor Somoza Lorenzo, que se abstén por non ter asistido a aquela.

2 .- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN S DA NÚMERO 2214/2010 Á NÚMERO 2599/2010 E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATAS 25/05/2010, 01/06/2010, 08/06/2010 E 15/06/2010.

Remitido ás señoras concelleiras e aos señores concelleiros, en soporte informático CD, o texto das Resolucións emitidas e actas da Xunta de Goberno Local realizadas desde a última sesión ordinaria deste Pleno, a Corporación dáse por enterada.

3.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DOS MESES DE ABRIL A XUÑO DE 2010.

Vistos os informes da Intervención Municipal sobre a estabilidade orzamentaria dos meses de abril a xuño de 2010, a Corporación dáse por enterada.

4.- REDUCCIÓN DAS RETRIBUCIÓNS DOS CARGOS ELECTOS CON ADICACIÓN EXCLUSIVA.

Dáse conta da seguinte proposta do alcalde de data dezaseis de xuño de dous mil dez, remitida aos voceiros dos grupos políticos municipais e ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Persoal e Réxime Interno en sesión realizada o vinte e un de xuño de dous mil dez:

<<Antecedentes de feito.

Primeiro. - Mediante acordo plenario de data 6 de xullo de 2007 acordouse o desenvolvemento dos cargos de alcalde, tenente de alcalde, concelleiro de obras e servizos, concelleira de seguridade cidadá, sanidade e relacións veciñais, concelleira de cultura e deportes e benestar e mocidade e concelleiro de cooperación exterior, festexos e normalización lingüística, en réxime de dedicación exclusiva, determinándose as retribucións brutas anuais (BOP núm. 169, de 23 de xullo de 2007).

Segundo. - Mediante acordo plenario de data 26 de setembro de 2008, aprobouse a modificación núm. 1 dos cargos electos desenvolvidos en réxime de adicación exclusiva, excluindo de entre estes ao concelleiro de cooperación exterior, festexos e normalización lingüística, con efectos de 1 de outubro de 2008 (BOP núm. 240, de 17 de outubro de 2008).

Terceiro. - Mediante acordo plenario de data 27 de marzo de 2009 aprobouse a modificación núm. 2 dos cargos desenvolvidos en réxime de adicación exclusiva, excluindo ao tenente de alcalde e á concelleira de cultura e deporte, igualdade, benestar e mocidade, con efectos de 14 de marzo (BOP núm. 85, de 16 de abril de 2009).

Cuarto. - As retribucións acordadas na sesión plenaria de xullo de 2007 e que se detallan no seguinte cadro, non foron actualizadas desde a súa aprobación plenaria.

CARGO	NOME	RETRIBUCIÓNS
Alcalde	Rafael García Guerrero	29.820,00
Concelleiro de obras e servizos	José Rodríguez Agulleiro	25.060,00
Concelleira de seguridade cidadá, sanidade e relacións veciñais	Rosa Ana Mariño González	25.060,00

Quinto. - Con data 24 de maio de 2010, publicouse no BOE o Real decreto-lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, no que se determina unha modificación da Lei de orzamentos xerais do Estado reducindo as retribucións dos empregados públicos con efecto do 1 de xuño de 2010.

Sexto. - Na reunión de 1 de xuño de 2010, a Comisión executiva da FEGAMP decidiu facer súa a recomendación da FEMP e acordar recomendar aos Concellos a aplicación da redución de salarios de alcaldes e concelleiros, acordando unha serie de criterios orientativos, interesando ao Concello de Noia os seguintes:

“As reducións salariais, estableceranse de forma individual e con criterios de progresividade, e para o seu cálculo tomarase como base a contía da retribución efectivamente percibida.

As devanditas reducións faranse efectivas na nómina do mes de xuño, e os salarios quedarán conxelados para o ano 2011.

A título orientativo e para cubrir o tramo que vai desde 54.615,68 € ao que se lle aplica o 8%, ata o de 13.935,60 € ao que se lle aplica o 4,5%, reflíctense as seguintes opcións”:

SALARIO BASE		REDUCCIÓN %
desde	ata	
54.615,68	41.055,65	7,00%
41.055,65	27.495,63	6,00%
27.495,63	13.935,60	5,00%

Fundamentación xurídica.

Primeira.- Considerando o artigo 75.1 da Lei 7/85, de base do réxime local, segundo o cal “os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desenvolvan con adicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que correspondan”.

Segunda.- Considerando o artigo 13.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo o cal “O Pleno corporativo, a proposta do Presidente, determinará, dentro da consignación global contida a tal fin no Orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desenvolver en réxime de adicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución, así coma as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grado de responsabilidade”.

Terceiro.- Considerando analoxicamente o preceptuado no artigo 14 do Real decreto-lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan as medidas extraordinarias para a redución do déficit público, que declara afectadas as diferencias salariais existentes antes e despois da redución, á diminución do nivel de endebedamento a longo prazo ou o financiamento de investimentos.

Considerando as competencias ostentadas, conforme aos artigos 21 da Lei de bases do réxime local e 13.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Alcaldía realiza ao Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Modificar con efectos de 1 de xuño as retribucións dos membros do goberno con adicación exclusiva, identificándose coas seguintes determinadas en cómputo anual:

CARGO	NOME	RETRIBUCIÓN
Alcalde	Rafael García Guerrero	28.030,80
Concelleiro de obras e servizos	José Rodríguez Agulleiro	23.807,00
Concelleira de seguridade cidadá, sanidade e relacións veciñais	Rosa Ana Mariño González	23.807,00

Segundo.- Conxelar as retribucións dos cargos desenvolvidos con adicación exclusiva para o 2011, manténdose coa rebaixa aprobada no punto anterior.

Terceiro.- A diferenza existente entre as retribucións existentes ata o 31 de maio e as modificadas a partir do 1 de xuño, segundo o presente acordo, destinaranse, co orden de preferencia no que están relacionados, ás seguintes finalidades:

- a) a diminuír o nivel de endebedamento a longo prazo.
- b) Ao financiamento de investimentos
- c) cando non resulten de aplicación os apartados a) ou b), os recursos non aplicados no propio exercicio ao financiamento de investimentos, adicaranse nos sucesivos exercicios ás finalidades establecidas nos apartados a), b) e c), co mesmo orden de prelación, ata a súa aplicación total.

Cuarto.- De acordo co artigo 75.5 da Lei de bases do réxime local, o acordo plenario proposto deberá ser publicado integramente no Boletín Oficial da provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello.

Quinto.- Comunicar o presente acordo á Intervención municipal.>>

Aberta a quenda de debate prodúcese as seguintes intervencións de xeito resumido:

Entra no salón de plenos, o concelleiro do BNG, sr. Xosé Bernardo Castro Campos.

Sr. alcalde.- Explica que se trae a pleno a proposta aprobada pola Federación Española de Municipios e Provincias e adoptada pola Federación Galega de Municipios e Provincias para a redución dos cargos públicos con dedicación exclusiva ostentados por cargos políticos, e no caso concreto de Noia aplicaríase unha redución do 6% ao alcalde, por estar no tramo de entre 27.495,63 euros e 41.055,65 euros e pasando a cobrar o alcalde de 29.820 euros brutos a 28.030,80 euros, despois das retencións quedarían en 1.500 e pico euros ao mes.

O concelleiro de Obras e Servizos e a concelleira de Seguridade Cidadá, señor Rodríguez Agulleiro e señora Mariño González, respectivamente, pasarían de cobrar brutos, 25.060 euros a 23.807 euros, brutos, polo que pasarían a cobrar 1.300 e algo de euros ao mes a cobrar 1.200 e pico euros, ben e certo que son 14 pagas e nestas cantidades que se están dicindo que serían definitivas de 28.030 euros 23.807 euros, salarios brutos.

Non habendo máis intervencións a Presidencia pasa o asunto a votación, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8) emitidos polas concelleiras e concelleiros do PSdeG-PSOE señores García Guerrero e García Novo, señora Mariño González, señores González Canabal e Rodríguez Agulleiro e concelleiros e concelleira do BNG señores González Domínguez e Castro Campos e señora Caramés Hermo.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Oito (8), emitidos polas concelleiras e concelleiros do PP señores Pérez Insua e Somoza Lorenzo, señora García Hermida, señor Trillo Suárez, señora Rosende Paz, señor López Pais e señoras Creo Luhía e Reino Castro.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Modificar con efectos de 1 de xuño as retribucións dos membros do goberno con adicación exclusiva, identificándose coas seguintes determinadas en cómputo anual:

CARGO	NOME	RETRIBUCIÓN
Alcalde	Rafael García Guerrero	28.030,80
Concelleiro de obras e servizos	José Rodríguez Agulleiro	23.807,00
Concelleira de seguridade cidadá, sanidade e relacións veciñais	Rosa Ana Mariño González	23.807,00

Segundo. Conxelar as retribucións dos cargos desenvolvidos con adicación exclusiva para o 2011, manténdose coa rebaixa aprobada no punto anterior.

Terceiro. A diferenza existente entre as retribucións existentes ata o 31 de maio e as modificadas a partir do 1 de xuño, segundo o presente acordo, destinaranse, co orden de preferencia no que están relacionados, ás seguintes finalidades:

- a) A diminuír o nivel de endebedamento a longo prazo.
- b) Ao financiamento de investimentos.
- c) Cando non resulten de aplicación os apartados a) ou b), os recursos non aplicados no propio exercicio ao financiamento de investimentos, adicaranse nos sucesivos exercicios ás finalidades establecidas nos apartados a), b) e c), co mesmo orden de prelación, ata a súa aplicación total.

Cuarto. De acordo co artigo 75.5 da Lei de bases do réxime local, o acordo plenario proposto deberá ser publicado integramente no Boletín Oficial da provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello.

Quinto. Comunicar o presente acordo á Intervención municipal.

5.- REGULAMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía de data dezaseis de xuño de dous mil dez, remitida aos voceiros dos grupos políticos municipais e ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura e Deportes, Igualdade, Benestar e Mocidade en sesión realizada o vinte e un de xuño de dous mil dez:

<<Dende os programas de atención a persoas maiores e dependentes que se realizan dende os servizos sociais do noso concello, detectouse un crecente número de persoas con dependencia que viven soas ou que pasan parte do día soas. Esta situación en moitos casos repercute nunha mala alimentación unida ós perigos que supón a elaboración das comidas (gas, cociña de leña, auga quente...) ou mesmo a realización da compra. Ademais na maioría dos casos non existe variedade nin calidade nos alimentos influíndo negativamente na súa saúde, ó non coídar axeitadamente as súas necesidades nutricionais.

En data 30 de setembro de 2008 asínase o “Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Noia para o desenvolvemento do Programa Xantar na Casa no Concello de Noia”, en base o que se elabora o Regulamento do programa Xantar na Casa.

Visto el informe de Secretaría de data 16 de xuño de 2010.

Realizada a tramitación legalmente establecida e a vista da competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse a Comisión Informativa de Cultura e Deportes, Igualdade, Benestar e Mocidade, que ditamine favorablemente e eleve o Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Regulamento do Programa Xantar na Casa.

SEGUNDO. Someter o mentado Regulamento a información pública e audiencia os interesados, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mentado prazo, considerase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO. Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

REGULAMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA DO CONCELLO DE NOIA

Fundamentación

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, encomenda ós poderes públicos de Galicia a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e todas as galegas na vida económica, cultural e social.

O artigo 27 da norma estatutaria no seu apartado 23, atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter exclusivo, competencia en materia de asistencia social, ó igual que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece no seu artigo 25.2.k) como competencia municipal a prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 4, establece que os principios dos servizos sociais rexeranse, entre outros, polos principios de prevención, acción integral e personalizada, autonomía persoal e vida independente, integración e normalización, coordinación e planificación. Ademais no capítulo II da lei faise referencia ó catálogo de servizos sociais, e concretamente no artigo 20 defínense ós servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica, contemplando dentro destes, no punto d) o servizo de axuda no fogar e no punto g) a manutención, xa sexa en locais de atención colectiva ou no propio domicilio da persoa usuaria.

Na orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, xa se fai referencia no artigo 4.b, as atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, entre as que se atopan: a compra de alimentos e outros produtos de uso común e preparación de alimentos. No último parágrafo deste artigo sinalase que o tipo de atencións que aquí se reflexan, porderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

Dende os programas de atención a persoas maiores e dependentes que se realizan dende os servizos sociais do noso concello, detectouse un crecente número de persoas con dependencia que viven soas ou que pasan parte do día soas. Esta situación en moitos casos repercute nunha mala alimentación unida ós perigos que supón a elaboración das comidas (gas, cociña de leña, auga quente...) ou mesmo a realización da compra. Ademais na maioría dos casos non existe variedade nen calidade nos alimentos influíndo negativamente na súa saúde, ó non coidar axeitadamente as súas necesidades nutricionais.

En data 30 de setembro de 2008 asínase o “Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Noia para o desenvolvemento do Programa Xantar na Casa no Concello de Noia”, en base o que se elabora o seguinte regulamento.

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do servizo público xantar na casa no Concello de Noia segundo o Convenio de colaboración asinado co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Artigo 2. -Definición

O programa xantar na casa é un servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade, adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, con déficits de autonomía persoal, ademais de cubrir as necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

Artigo 3. - Obxectivos.

1.Xeral:

Mellorar o nivel de benestar e de calidade de vida das persoas beneficiarias, e tamén das súas familias, manténdolas no seu contorno comunitario e retardando ou evitando a institucionalización.

2.Específicos:

a)Proporcionar ás persoas beneficiarias unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo os casos de xeito individualizado e profesionalizado.

b) Evitar o deterioro da calidade de vida das persoas beneficiarias por teren unha dieta inadecuada.

c)Previr situacións de risco que se poidan producir no proceso de preparación e elaboración da comida.

d) Facilitar un respiro ás familias e ós cuidadores e impulsar medidas de apoio á conciliación da vida familiar e laboral.

e) Facer un seguimento individualizado de cada situación por parte dos profesionais que interveñen no servizo.

Artigo 4. - Persoas destinatarias.

O servizo xantar na casa atenderá a aquelas persoas que, dacordo coa valoración da/o Traballadora/or Social coordinadora/or do servizo se considere un recurso idóneo.

Prioritariamente estará destinado a:

1. Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidese suplir tal situación.

2. Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e que requiren de axuda para a preparación de alimentos.

3. Persoas en situación de exclusión social ou desestructuración familiar técnicaamente avaliada pola/o traballadora/or social de referencia e a/o coordinadora/or do servizo.

4. Persoas en situación de malnutrición valorada polo seu médico.

Artigo 5.-Requisitos de acceso ó servizo

1. Estar empadroada/o no concello de Noia e ter residencia efectiva no mesmo.
2. Presentar unha situación de dificultade para desenvolver axeitadamente o proceso de compra, preparación e elaboración de comidas.
3. Carecer de posibilidades persoais e familiares para cubrir axeitadamente esta necesidade. Se a persoa solicitante é dependente non solo para a preparación e elaboración dos menús, senon para inxerir os mesmos, requirirase para a prestación do servizo, o compromiso de colaboración dalgunha persoa relacionada/o ca/o solicitante ou o acceso, a un servizo complementario.
4. Ter cubertas as demais necesidades básicas (hixiene, habitabilidade...). En ausencia desta condición deberán exercerse previamente outro tipo de medidas para solventar dita situación.
5. Non ser beneficiaria/o dunha entidade pública ou privada en réxime residencial.

Artigo 6. - Dereitos das persoas beneficiarias

1. Acceder ó servizo e recibilo sen discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ideoloxía o calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
2. A consideración no trato debido á dignidade da persoa, por parte do persoal do servizo.
3. O tratamento confidencial dos mesmos de acordo co disposto na lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal ou normativa vixente ó respecto.
4. A formular reclamacións e presentar suxestións.
5. A recibir unha información clara e completa sobre a organización do servizo e sobre as posibles modificacións sobrevidas.
6. A coñecer a situación do expediente.
7. A deixar de usar o servizo por vontade propia.

Artigo 7. -Deberes das persoas beneficiarias

1. Informar a/o traballador/a social responsable da xestión do programa no concello de Noia, dos cambios da súa situación social, económica, sanitaria e persoal, que poida producir modificacións na prestación do servizo, aportando a correspondente documentación cando proceda. De non facelo, procederase ó cobro dos servizos prestados indebidamente.
2. Cumprir as normas sobre o acceso, seguimento e utilización deste servizo recollidas no presente regulamento.
3. Colaborar na medida das súas posibilidades no desenvolvemento adecuado do servizo, en función das súas capacidades e nas formas acordadas en cada caso.
4. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que prestan o servizo, así como respetar os límites das súas obrigas laborais.

5.Coidar do material e electrodomésticos cedidos pola empresa distribuidora, sendo responsables dos danos e prexuízos que por acción ou ben por omisión causen na operatividade do servizo e nos seus utensilios.

6.En caso de suspensión ou extinción do servizo, a persoa beneficiaria ten a obriga de devolver o material cedido en depósito, pola empresa adxudicataria.

7.Aboar a cota mensual fixada para este servizo nos dez primeiros días de cada mes.

8.Asinar o compromiso de contrato para autorizar o acceso a vivenda do persoal repartidor do servizo e comprometéndose a atender e realizar as indicacións que sobre o mesmo se lle faciliten. Deberá encontrarse no domicilio os días de reparto de menús; en caso contrario, comunicará coa suficiente antelación un domicilio alternativo de entrega.

9.Comunicar con 15 días naturais de antelación á/ó traballadora/or social responsable da xestión do programa no concello de Noia a renuncia, baixa voluntaria ou ausencia temporal. Neste último caso concretarase, sempre que sexa posible, a duración prevista da ausencia.

Artigo 8.- Procedemento de acceso ó servizo

1.Recepción da demanda e información sobre o servizo polo/a traballadora/or social responsable da xestión e seguimento do programa.

2. Presentar no rexistro xeral do concello de Noia a solicitude debidamente cuberta da persoa interesada, do seu representante legal ou gardadora/or de feito, coa seguinte documentación:

- a) Copia do documento nacional de identidade da/o solicitante e da/o representante legal ou gardadora/or, se é o caso.
- b) Copia da tarxeta sanitaria
- c) Copia do libro de familia e/ou certificado actualizado de parella de feito, se procede.
- d) Certificado de empadramento.
- e) Certificado de convivencia ou informe de convivencia efectiva.
- f) Copia do certificado de recoñecemento do grao de discapacidade e/ou dependencia se procede
- g) Xustificantes acreditativos da situación económica da/o solicitante, cónxuxe ou parella de feito e convivintes economicamente dependentes (última declaración da renda ou certificado de imputacións da Axencia Tributaria, no caso de existir variación substanciais na situación económica actual, asinarase unha declaración responsable das condicións económicas concorrentes na data da solicitude e a documentación xustificativa de dita situación).
- h) Informe do médico de atención primaria selado e correctamente cumprimentado conforme ó modelo establecido.
- i) Autorización de domiciliación bancaria conforme ó modelo establecido.
- j) Compromiso para as persoas beneficiarias do servizo xantar na casa conforme ó modelo establecido.

1. Dende o Rexistro Xeral do Concello daráselle traslado do expediente a/o Traballadora/or Social responsable da xestión do programa, que procederá á comprobación dos datos proporcionados e a valoración técnica da necesidade, podendo requirirle tanta información e/ou documentación que considere precisa para valorala situación. Realizará a correspondente visita ó domicilio da/o interesada/o e elaborará un informe social,

preceptivo e vinculante, valorando a idoneidade do servizo e a puntuación acadada dacordo cos criterios de baremación das solicitudes .

2. Resolución do órgano responsable (Alcaldía ou Concellería Delegada), reflexando a concesión, denegación ou inclusión na lista de agarda en función das prazas existentes. No casos de concesión ou inclusión na lista de agarda, indicárase a puntuación acadada.
3. A resolución adoptada notificarase á/ó solicitante.
4. No caso de extrema e urxente necesidade debidamente valorada pola/o traballadora/or social responsable da xestión do programa, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.

Artigo 9.- Criterios para a baremación das solicitudes

Os criterios para a baremación das solicitudes do servizo xantar na casa aplicaranse cando se cumpla co establecido nos artigos 4 e 5 do presente regulamento. Salvo para as situacións de exclusión social, desestructuración familiar ou malnutrición para as que se terá en conta a valoración da idoneidade e urxencia do servizo pola/o Traballadora/or Social responsable da xestión e organización do Servizo.

Os criterios para a baremación, baséanse en indicadores que permiten considera-la valoración da necesidade en función de:

1. Autonomía persoal para a realización e inxesta de alimentos, puntuando niveis de dependencia ou necesidades derivadas de deficiencias de saúde física ou mental de acordo ó seguinte baremo e cun máximo de 30 puntos.

GRAO DE AUTONOMIA PERSOAL PARA A REALIZACIÓN E INXESTA DE ALIMENTOS	PUNTOS
Dependencia para inxerir alimentos	0 1 2 3
Dependencia para a preparación de comidas	0 1 2 3
Dificultades para manter unha dieta adecuada as súas necesidades	0 1 2 3
Mobilidade	0 1 2 3
Dependencia para realizar xestións: compra de alimentos, bancos, oficinas	0 1 2 3
Dependencia para manexar aparatos básicos: interruptores de butano, luz	0 1 2 3
Dependencia para administra-los gastos	0 1 2 3
Trastornos de memoria	0 1 2 3
Orientación no tempo e no espacio	0 1 2 3
Limitación visual	0 1 2 3

* A puntuación realizarase dacordo coa seguinte táboa:

0 puntos	Sen dificultades
----------	------------------

1 punto	Algunha dificultade
2 puntos	Moitas dificultades
3 puntos	Dependencia total

2. Situación socio-familiar, establecendo os graos en que a familia ou outras persoas do entorno da/o potencial usuaria/o a axuden ou a/o poidan axudar, de acordo co seguinte baremo e cun máximo de 20 puntos.

- A persoa interesada vive soa:

SITUACIÓN SOCIO FAMILIAR	PUNTOS
Ningunha posibilidade de axuda para garantir unha alimentación axeitada	20
As persoas legalmente obrigadas a prestar alimentos non poden prestala axuda (por enfermidade, estar afastados, cargas familiares...)	15
Conta con apoio unicamente para a supervisión da alimentación	15
Conta con familiares con posibilidade de prepararlle as comidas pero non se pode garantir unha alimentación axeitada nin unha boa conservación dos alimentos	10
A persoa solicitante non acepta outro recurso máis axeitado a súa situación	0

- Convivencia con outras persoas:

SITUACIÓN SOCIO FAMILIAR	PUNTOS
Convivencia con menores de 16 anos ou outra persoa con déficits de saúde, recoñecidos médicamente, que lle impiden a prestación da axuda.	20
Convivencia con persoas sen habilidades para prestar a axuda ou con dificultade para adquirilas	15
A/s persoa/s cuidadora/s pasan toda a xornada fóra do domicilio por causas laborais ou familiares.	10
A/s persoa/s cuidadora/s están desocupados, sen cargas familiares ou laborais, nin presentan dificultades de saúde que lles impida prestar esta atención	0
A persoa solicitante non acepta acceder a outro recurso máis axeitado a súa situación	0

3. A capacidade económica da persoa usuaria do servizo calcularase en atención á renda. Teranse en conta, ademais, o cónxuxe ou parella de feito e as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes. A puntuación máxima a acadar neste apartado correspóndese con 10 puntos.

- a) A renda valorarase atendendo á última declaración da renda presentada ou certificado de imputacións da Axencia Tributaria. Excepcionalmente, naquelas situacións nas que a situación económica varíe substancialmente, teranse en conta os ingresos netos actuais sometidos a gravamen.
- b) No caso de que a persoa beneficiaria tivese cónxuxe ou parella de feito, a capacidade económica será a metade da suma da renda de ámbolos dous membros da parella.
- c) Cando a persoa beneficiaria conviva con ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores en situación de discapacidade (recoñecida polos equipos de valoración de discapacidade e invalidez), que dependesen economicamente dela; a capacidade económica determinarase sumando a renda da persoa interesada e a de cada convivinte economicamente dependente e dividíndoa entre todos eles. Considerarase persoa economicamente dependente aquela que non perciba ningún ingreso.

RENDA EN RELACIÓN Á CONTÍA DO IPREM ACTUALIZADA	PUNTUACIÓN
Inferior ó 100%	10
Entre o 100% e o 125%	8
Entre o 125% e o 150%	6
Entre o 150% e o 175%	4
Entre o 175% e o 200%	2
Máis do 200%	0

4. Informe Social que valorará á adecuación do recurso demandado á situación da persoa interesada. Máximo de 30 puntos.

Recurso que cubre as necesidades de atención.	30 puntos
Recurso complementario doutro/s recurso/s ou do apoio familiar.	25 puntos
Recurso temporal mentres se resolve o trámite de recursos máis axeitados ou a intervención coa familia para que presten apoio.	20 puntos
Situación non prioritaria	5 puntos
Recurso innecesario ou que non pode solventar a necesidade de atención	0 puntos

Artigo 10. - Suspensión ou modificación do servizo

1. A suspensión temporal efectuarase nos seguintes supostos
 - a) Ausencia da persoa beneficiaria do seu domicilio: por vacacións, viaxes, ou ingreso temporal en centros sanitarios / residenciais por un tempo inferior a 45 días. Este prazo poderase ampliar se está convenientemente xustificado.

- b) Cambio de domicilio no mesmo municipio, mentres non se realice a nova valoración social.
1. Con carácter xeral, a modificación das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo poderá dar lugar a cambios nas condicións da prestación nas que fora concedida inicialmente. Os cambios circunstanciais en calquera caso, deberán reflexarse no expediente individual.
 2. Procederase mediante a emisión dun Informe Social e a correspondente comunicación ó Consorcio polo órgano competente.

Artigo 11. Extinción do Servizo.

1. Causas de extinción do servizo:

- a) Falecemento da persoa beneficiaria.
- b) Renuncia voluntaria da persoa beneficiaria ou do representante legal /gardador.
- c) Incumprimento do pagamento dun máximo de dúas cotas establecidas do servizo.
- d) Incumprimento reiterado da normativa e das condicións establecidas para a prestación do servizo.
- e) Ausencia reiterada do domicilio, sen avisar con antelación e/ou xustificar a ausencia durante nos días de reparto dos menús.
- f) Ausencia do domicilio superior a 45 días e sempre que ésta, non esté convenientemente xustificada.
- g) Cambio de domicilio a outro concello.
- h) Modificación das causas que deron lugar a concesión do servizo.
- i) Ingreso nun centro ou equipamento residencial con carácter definitivo.
- j) Por precisar asistencia de carácter especializada para as actividades da vida diaria que non corresponde a este servizo.
- k) Ocultamento ou falsidade dos datos que foron tidos en conta para a concesión do servizo.
- l) Cese do Programa.

2. Procedemento:

- 1º. Emisión dun Informe Social que reflexe a/s causa/s de extinción.
- 2º. Resolución do órgano competente e notificación a persoa interesada.

Artigo 12.- Derivación e coordinación co Consorcio.

1. Tras a resolución de concesión do órgano competente comunicarase os datos da persoa interesada ó Consorcio.
2. O Concello de Noia agardará a comunicación do Consorcio que indique a data da primeira visita ó domicilio e o inicio de reparto dos xantares.
3. A primeira visita domiciliaria realizarase conxuntamente pola/o traballadora/or social do concello e o persoal de reparto.
4. No caso de suspensión temporal, modificacións ou extinción, o órgano competente comunicará ó Consorcio as variacións oportunas para o reparto de xantares.

Artigo 13.- Funcionamento do servizo.

Inicio: ó comezo do servizo comprobaráse que as persoas beneficiarias do servizo dispoñan de microondas, frigorífico, menaxe e calquera elemento adecuado para a preparación e inxesta dos xantares. Nos supostos de que as persoas beneficiarias non dispoña de microondas ou frigorífico que se adapte as necesidades do servizo, porase a disposición dos/as mesmos/as un microondas e/ou un frigorífico en rexime de depósito

Desenvolvemento: entrega dos xantares:

- a) Os xantares entregaranse un único día á semana. As persoas beneficiarias do programa recibirán no seu domicilio, sete bandexas diferentes co xantar para cada día da semana, durante o período en que se atope de alta no servizo.
- b) A distribución dos xantares organizarase en barquetas individuais de polipropileno apto para rexenerar en microondas e autorizado para estar en contacto cos alimentos, que incluírán no seu interior, primeiro prato, segundo prato e sobremesa, consonte cos menús determinados no presente documento.
- c) Os transporte dos menús ata o domicilio das persoas beneficiarias do programa, realizarase en vehículos adaptados mantendo a temperatura e a refrixeración imprescindible.
- d) O horario de entrega dos xantares será preferentemente de 09.00 da mañá a 14.30 da tarde, coas variacións horarias necesarias consonte ao servizo. Comunicarase a cada unha das persoas beneficiarias o día de entrega e a hora aproximada.
- e) O persoal repartidor ensinará a persoa beneficiaria ou a persoa responsable da preparación das comidas o procedemento correcto para preparar os alimentos, de retirar as comidas caducadas e revisar a temperatura do frigorífico. Igualmente informará e asesorará a persoa beneficiaria naquelas cuestións e dúbidas que presente respecto ao servizo.

Avaliación: anualmente realizarase unha revisión xeral dos expedientes abertos, a fin de avaliar o grao de consecución dos obxectivos e adaptación ás necesidades do programa xantar na casa. Valorando a idoneidade da continuidade da prestación do servizo.

Artigo 14.- Financiamento do servizo

1. A forma de financiamento do servizo será a que se especifica a continuación.

- a) No financiamento de cada menú participará o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, o concello de Noia e a persoa beneficiaria.
- b) A persoa beneficiaria fará unha achega económica segundo ó porcentaxe establecido polo Consorcio para cada ano, ó igual que as entidades que participan na xestión do programa.
- c) A persoa beneficiaria aboará con carácter anticipado nos primeiros dez (10) días de cada mes.

2. Supostos especiais de pagamento

- a) No caso de que a persoa beneficiaria non abonase por adiantado a contía correspondente, poderase autorizar á interrupción da prestación do servizo.
- b) No caso de que se comunique a suspensión en tempo e forma establecida non se abonará o servizo durante o período de tempo que dure a suspensión temporal.
- c) No suposto de baixas que non se comunicaron en tempo e forma establecida por motivos de forza maior (falecemento, hospitalización, etc.) acreditadas documentalmente, o importe do servizo abonarase polo Consorcio.
- d) Os xantares que non se puideron entregar nos domicilios indicados por ausencia, por causas imputables á persoa beneficiaria, se quedase acreditada a comunicación da hora de entrega, aboaranse na súa integridade directamente a persoa beneficiaria do servizo.

e) No caso de que a entrega dos xantares se efectuase fóra da franxa horaria fixada e o servizo non fose recibido, non se aboará devandito servizo.

f) Con relación ao abono anticipado da persoa beneficiaria polos servizos a recibir durante o correspondente mes, as incidencias que puidesen xurdir na facturación mensual tanto en maior ou menor importe a abonar, procederase a axustar as diferenzas dos importes abonados ou pendentes de abonar no mes inmediato seguinte, procedendo a súa regularización.

Disposición adicional

A prestación do servizo obxecto deste regulamento supeditarase ás disponibilidades orzamentarias existentes en cada momento e á continuidade do programa xantar na casa.

Disposición derradeira

O presente regulamento, que consta de catorce artigos, unha disposición adicional e unha disposición derradeira, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ANEXO I

SOLICITUDE DO PROGRAMA XANTAR NA CASA

1. DATOS DA PERSOA INTERESADA

NOME E
APELIDOS: _____

—

DNI/NIE: _____ DATA DE
NACEMENTO: ____/____/____

SEXO: Home Muller ESTADO CIVIL: _____ Nº SEG.
SOCIAL: ____/____

ENDEREZO: _____

C.P.: _____

PARROQUIA: _____

MUNICIPIO: _____

PROVINCIA: _____

TELÉFONO/S: _____

DOMICILIO ALTERNATIVO PARA O REPARTO DE XANTARES:

DIRECCIÓN: _____ TLF: _____

2. DATOS DA/O REPRESENTANTE

	Nome e apelidos	Parentesco	Data de nacemento	Teléfono
1				
2				

3. REQUISITOS DE ACEPTACIÓN DO SERVIZO

Que se compromete a aboar a cantidade económica correspondente a persoa beneficiaria do custe do servizo

Que coñece e acepta as condicións e o funcionamento do servizo XANTAR NA CASA

Autoriza a entidade _____ para o acceso ao seu domicilio a efectos da prestación do servizo solicitado.

En Noia, a ____ de _____ de 20____

Sinatura: Persoa interesada Representante

O/A ALCALDE/ALCALDESA DO CONCELLO DE NOIA

ANEXO II

INFORME DE SAÚDE

Emitido por:

Doctor/a			
Nº Colexiado		Centro de Saúde	

Referido a:

Nome e Apelidos			
DNI		Nº Afiliación Seg. Social	

AUTONOMIA PERSOAL PARA A REALIZACIÓN E INXESTA DE ALIMENTOS

ACTIVIDADES	SEN DIFICULTADES	ALGUNHA DIFICULTADE	MOITAS DIFICULTADES	DEPENDENCIA TOTAL
Dependencia para inxerir alimentos				
Dependencia para a preparación de comidas				
Dificultades para manter unha dieta adecuada as súas necesidades				
Mobilidade				

Dependencia para realizar xestións: compra de alimentos, bancos, oficinas				
Dependencia para manexar aparatos básicos: interruptores de butano, luz				
Dependencia para administra-los gastos				
Trastornos de memoria				
Orientación no tempo e no espacio				
Limitación visual				

DIAGNÓSTICO

TRATAMENTOS ACTUAIS

AFECCIÓNS MÁIS IMPORTANTES:

	Diabetes		Renais e vías urinarias
	Cardiovasculares		Reumatolóxicas
	Dixestivas e/o Hepatobiliares		Hipertensión
	Hipotensión	Outras	Especificar:

TIPO DE DIETA RECOMENDADA (SINALAR SOAMENTE UNHA OPCIÓN)

	Saudable ou normal		Fácil mastigación
	De réxime		Diabética de fácil mastigación
	Diabética	Outras	Especificar:

PROBLEMA DE MASTIGACIÓN: Non Sí

INTOLERANCIAS ALIMENTICIAS: Non Sí (especificar: _____)

_____)

OBSERVACIÓNS

En Noia, a ____ de _____ de 20__

ASDO.: _____

ANEXO III

COMPROMISO CONTRATO DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

DO SERVIZO XANTAR NA CASA D./Dna. _____ con DNI
nº: _____ como persoa interesada no Programa Xantar na Casa do Concello de Noia.

D./Dna. _____ con DNI nº: _____ como
representante da persoa interesada.

**Autorizo o acceso a miña vivenda do persoal repartidor a efectos da correcta prestación do
servizo Xantar na Casa e comprométome a atender e realizar as indicacións que sobre o mesmo
se me faciliten.**

En Noia, a..... de.....de 20..

Sinatura: Persoa interesada Representante

ANEXO IV

SOLICITUDE DE DOMICILIACIÓN BANCARIA DO SERVIZO XANTAR NA CASA

A favor de:

En concepto de:

--

Datos da persoa interesada

N.I.F.	NOME E APELIDOS

Entidade bancaria

--

Oficina

--

Titular da conta

--

Codigo conta cliente (20 dixitos)

ENTIDADE	OFICINA	D.C	NUMERO DE CONTA

(Selo da entidade bancaria)

En Noia, a _____, de _____ de 20__

Sinatura: Persoa interesada Representante >>.

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Señor alcalde.-Respostando a concelleira Carames Hermo, sinala que existen actualmente dez prazas e están oito ocupadas, no caso de que a demanda fose superior as prazas existentes hai a posibilidade de que o actual Consorcio as asuma.

Un dos problemas que a comida que se dá é unha comida sá, unha cociña cuns parámetros que hai que establecer que non se adaptan aos seus gustos, xa que adoitan comer con sal.

Sra. García Hermida.- Di que desde o PP van a votar a favor, pero lles estraña o retraso na tramitación dende que se asinou o Convenio có Consorcio, xa que xa fai tempo que se anuncio que este Regulamento viría o Pleno.

Sr. alcalde.- Explica que nas últimas reunións da Xunta de Voceiros anunciaran que ían traelo ao pleno, pero fíxose unha consulta a Consellería de Traballo e Benestar, por se era necesario o visado previo que é necesario nalgúns casos, unha vez que confirmaron que non é necesario se trae, lamentar o atraso, en todo caso.

Sr. González Domínguez.- Di que saben que o regulamento está elaborado dende hai moito tempo, polo que quere facer fincapé no atraso.

Non habendo máis intervencións a Presidencia pasa o asunto a votación, que é aprobado por unanimidade das concelleiras e concelleiros asistentes á sesión, polo que o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Regulamento do Programa Xantar na Casa.

SEGUNDO. Someter o mentado Regulamento a información pública e audiencia os interesados, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mentado prazo, considerase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO. Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

REGULAMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA DO CONCELLO DE NOIA

Fundamentación

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, encomenda ós poderes públicos de Galicia a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e todas as galegas na vida económica, cultural e social.

O artigo 27 da norma estatutaria no seu apartado 23, atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter exclusivo, competencia en materia de asistencia social, ó igual que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece no seu artigo 25.2.k) como competencia municipal a prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 4, establece que os principios dos servizos sociais rexeranse, entre outros, polos principios de prevención, acción integral e personalizada, autonomía persoal e vida independente, integración e normalización, coordinación e planificación. Ademais no capítulo II da lei faise referencia ó catálogo de servizos sociais, e concretamente no artigo 20 defínense ós servizos e actuacións de natureza mateiral ou tecnolóxica, contemplando dentro destes, no punto d) o servizo de axuda no fogar e no punto g) a manutención, xa sexa en locais de atención colectiva ou no propio domicilio da persoa usuaria.

Na orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, xa se fai referencia no artigo 4.b, as atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, entre as que se atopan: a compra de alimentos e outros produtos de uso común e preparación de alimentos. No último parágrafo deste artigo sinalase que o tipo de atencións que aquí se reflexan, porderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

Dende os programas de atención a persoas maiores e dependentes que se realizan dende os servizos sociais do noso concello, detectouse un crecente número de persoas con dependencia que viven soas ou que pasan parte do día soas. Esta situación en moitos casos repercute nunha mala alimentación unida ós perigos que supón a elaboración das comidas (gas, cociña de leña, auga quente...) ou mesmo a realización da compra. Ademais na maioría dos casos non existe variedade

nen calidade nos alimentos influíndo negativamente na súa saúde, ó non coidar axeitadamente as súas necesidades nutricionais.

En data 30 de setembro de 2008 asínase o “Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Noia para o desenvolvemento do Programa Xantar na Casa no Concello de Noia”, en base o que se elabora o seguinte regulamento.

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do servizo público xantar na casa no Concello de Noia segundo o Convenio de colaboración asinado co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Artigo 2. -Definición

O programa xantar na casa é un servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade, adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, con déficits de autonomía persoal, ademais de cubrir as necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

Artigo 3. - Obxectivos.

1.Xeral:

Mellorar o nivel de benestar e de calidade de vida das persoas beneficiarias, e tamén das súas familias, manténdolas no seu contorno comunitario e retardando ou evitando a institucionalización.

2.Específicos:

- a) Proporcionar ás persoas beneficiarias unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo os casos de xeito individualizado e profesionalizado.
- b) Evitar o deterioro da calidade de vida das persoas beneficiarias por teren unha dieta inadecuada.
- c) Previr situacións de risco que se poidan producir no proceso de preparación e elaboración da comida.
- d) Facilitar un respiro ás familias e ós cuidadores e impulsar medidas de apoio á conciliación da vida familiar e laboral.
- e) Facer un seguimento individualizado de cada situación por parte dos profesionais que interveñen no servizo.

Artigo 4. - Persoas destinatarias.

O servizo xantar na casa atenderá a aquelas persoas que, dacordo coa valoración da/o Traballadora/or Social coordinadora/or do servizo se considere un recurso idóneo.

Prioritariamente estará destinado a:

1. Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidese suplir tal situación.
2. Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e que requiren de axuda para a preparación de alimentos.
3. Persoas en situación de exclusión social ou desestructuración familiar técnicaamente avaliada pola/o traballadora/or social de referencia e a/o coordinadora/or do servizo.
4. Persoas en situación de malnutrición valorada polo seu médico.

Artigo 5.-Requisitos de acceso ó servizo

1. Estar empadroada/o no concello de Noia e ter residencia efectiva no mesmo.
2. Presentar unha situación de dificultade para desenvolver axeitadamente o proceso de compra, preparación e elaboración de comidas.
3. Carecer de posibilidades persoais e familiares para cubrir axeitadamente esta necesidade. Se a persoa solicitante é dependente non solo para a preparación e elaboración dos menús, senon para inxerir os mesmos, requirirase para a prestación do servizo, o compromiso de colaboración dalgunha persoa relacionada/o ca/o solicitante ou o acceso, a un servizo complementario.
4. Ter cubertas as demais necesidades básicas (hixiene, habitabilidade...). En ausencia desta condición deberán exercerse previamente outro tipo de medidas para solventar dita situación.
5. Non ser beneficiaria/o dunha entidade pública ou privada en réxime residencial.

Artigo 6. - Dereitos das persoas beneficiarias

1. Acceder ó servizo e recibilo sen discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ideoloxía o calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
2. A consideración no trato debido á dignidade da persoa, por parte do persoal do servizo.
3. O tratamento confidencial dos mesmos de acordo co disposto na lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal ou normativa vixente ó respecto.
4. A formular reclamacións e presentar suxestións.
5. A recibir unha información clara e completa sobre a organización do servizo e sobre as posibles modificacións sobrevidas.
6. A coñecer a situación do expediente.
7. A deixar de usar o servizo por vontade propia.

Artigo 7. -Deberes das persoas beneficiarias

1. Informar a/o traballador/a social responsable da xestión do programa no concello de Noia, dos cambios da súa situación social, económica, sanitaria e persoal, que poida producir modificacións na prestación do servizo, aportando a correspondente documentación cando proceda. De non facelo, procederase ó cobro dos servizos prestados indebidamente.
2. Cumprir as normas sobre o acceso, seguimento e utilización deste servizo recollidas no presente regulamento.
3. Colaborar na medida das súas posibilidades no desenvolvemento adecuado do servizo, en función das súas capacidades e nas formas acordadas en cada caso.
4. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que prestan o servizo, así como respetar os límites das súas obrigas laborais.
5. Coidar do material e electrodomésticos cedidos pola empresa distribuidora, sendo responsables dos danos e prexuízos que por acción ou ben por omisión causen na operatividade do servizo e nos seus utensilios.
6. En caso de suspensión ou extinción do servizo, a persoa beneficiaria ten a obriga de devolver o material cedido en depósito, pola empresa adxudicataria.

7. Aboar a cota mensual fixada para este servizo nos dez primeiros días de cada mes.

8. Asinar o compromiso de contrato para autorizar o acceso a vivenda do persoal repartidor do servizo e comprometéndose a atender e realizar as indicacións que sobre o mesmo se lle faciliten. Deberá encontrarse no domicilio os días de reparto de menús; en caso contrario, comunicará coa suficiente antelación un domicilio alternativo de entrega.

9. Comunicar con 15 días naturais de antelación á/ó traballadora/or social responsable da xestión do programa no concello de Noia a renuncia, baixa voluntaria ou ausencia temporal. Neste último caso concretarase, sempre que sexa posible, a duración prevista da ausencia.

Artigo 8.- Procedemento de acceso ó servizo

1. Recepción da demanda e información sobre o servizo polo/a traballadora/or social responsable da xestión e seguimento do programa.
2. Presentar no rexistro xeral do concello de Noia a solicitude debidamente cuberta da persoa interesada, do seu representante legal ou gardadora/or de feito, coa seguinte documentación:
 - a) Copia do documento nacional de identidade da/o solicitante e da/o representante legal ou gardadora/or, se é o caso.
 - b) Copia da tarxeta sanitaria
 - c) Copia do libro de familia e/ou certificado actualizado de parella de feito, se procede.
 - d) Certificado de empadramento.
 - e) Certificado de convivencia ou informe de convivencia efectiva.
 - f) Copia do certificado de recoñecemento do grao de discapacidade e/ou dependencia se procede
 - g) Xustificantes acreditativos da situación económica da/o solicitante, cónxuxe ou parella de feito e convivintes economicamente dependentes (última declaración da renda ou certificado de imputacións da Axencia Tributaria, no caso de existir variación substanciais na situación económica actual, asinarase unha declaración responsable das condicións económicas concorrentes na data da solicitude e a documentación xustificativa de dita situación).
 - h) Informe do médico de atención primaria selado e correctamente cumprimentado conforme ó modelo establecido.
 - i) Autorización de domiciliación bancaria conforme ó modelo establecido.
 - j) Compromiso para as persoas beneficiarias do servizo xantar na casa conforme ó modelo establecido.
1. Dende o Rexistro Xeral do Concello daráselle traslado do expediente a/o Traballadora/or Social responsable da xestión do programa, que procederá á comprobación dos datos proporcionados e a valoración técnica da necesidade, podendo requirirle tanta información e/ou documentación que considere precisa para valorala situación. Realizará a correspondente visita ó domicilio da/o interesada/o e elaborará un informe social, preceptivo e vinculante, valorando a idoneidade do servizo e a puntuación acadada dacordo cos criterios de baremación das solicitudes .
2. Resolución do órgano responsable (Alcaldía ou Concellería Delegada), reflexando a concesión, denegación ou inclusión na lista de agarda en función das prazas existentes. No casos de concesión ou inclusión na lista de agarda, indicarse a puntuación acadada.

3. A resolución adoptada notificarase á/ó solicitante.
4. No caso de extrema e urxente necesidade debidamente valorada pola/o traballadora/or social responsable da xestión do programa, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.

Artigo 9.- Criterios para a baremación das solicitudes

Os criterios para a baremación das solicitudes do servizo xantar na casa aplicaranse cando se cumpla co establecido nos artigos 4 e 5 do presente regulamento. Salvo para as situacións de exclusión social, desestructuración familiar ou malnutrición para as que se terá en conta a valoración da idoneidade e urxencia do servizo pola/o Traballadora/or Social responsable da xestión e organización do Servizo.

Os criterios para a baremación, baséanse en indicadores que permiten considera-la valoración da necesidade en función de:

1. Autonomía persoal para a realización e inxesta de alimentos, puntuando niveis de dependencia ou necesidades derivadas de deficiencias de saúde física ou mental de acordo ó seguinte baremo e cun máximo de 30 puntos.

GRAO DE AUTONOMIA PERSOAL PARA A REALIZACIÓN E INXESTA DE ALIMENTOS	PUNTOS
Dependencia para inxerir alimentos	0 1 2 3
Dependencia para a preparación de comidas	0 1 2 3
Dificultades para manter unha dieta adecuada as súas necesidades	0 1 2 3
Mobilidade	0 1 2 3
Dependencia para realizar xestións: compra de alimentos, bancos, oficinas	0 1 2 3
Dependencia para manexar aparatos básicos: interruptores de butano, luz	0 1 2 3
Dependencia para administra-los gastos	0 1 2 3
Trastornos de memoria	0 1 2 3
Orientación no tempo e no espacio	0 1 2 3
Limitación visual	0 1 2 3

* A puntuación realizarase dacordo coa seguinte táboa:

0 puntos	Sen dificultades
1 punto	Algunha dificultade
2 puntos	Moitas dificultades
3 puntos	Dependencia total

2. Situación socio-familiar, establecendo os graos en que a familia ou outras persoas do entorno da/o potencial usuaria/o a axuden ou a/o poidan axudar, de acordo co seguinte baremo e cun máximo de 20 puntos.

- A persoa interesada vive soa:

SITUACIÓN SOCIO FAMILIAR	PUNTOS
Ningunha posibilidade de axuda para garantir unha alimentación axeitada	20
As persoas legalmente obrigadas a prestar alimentos non poden prestala axuda (por enfermidade, estar afastados, cargas familiares...)	15
Conta con apoio unicamente para a supervisión da alimentación	15
Conta con familiares con posibilidade de prepararlle as comidas pero non se pode garantir unha alimentación axeitada nin unha boa conservación dos alimentos	10
A persoa solicitante non acepta outro recurso máis axeitado a súa situación	0

- Convivencia con outras persoas:

SITUACIÓN SOCIO FAMILIAR	PUNTOS
Convivencia con menores de 16 anos ou outra persoa con déficits de saúde, recoñecidos médicamente, que lle impiden a prestación da axuda.	20
Convivencia con persoas sen habilidades para prestar a axuda ou con dificultade para adquirilas	15
A/s persoa/s coidadora/s pasan toda a xornada fóra do domicilio por causas laborais ou familiares.	10
A/s persoa/s coidadora/s están desocupados, sen cargas familiares ou laborais, nin presentan dificultades de saúde que lles impida prestar esta atención	0
A persoa solicitante non acepta acceder a outro recurso máis axeitado a súa situación	0

3. A capacidade económica da persoa usuaria do servizo calcularase en atención á renda. Teranse en conta, ademais, o cónxuxe ou parella de feito e as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes. A puntuación máxima a acadar neste apartado correspóndese con 10 puntos.

a) A renda valorarase atendendo á última declaración da renda presentada ou certificado de imputacións da Axencia Tributaria. Excepcionalmente, naquelas situacións nas que a situación económica varíe substancialmente, teranse en conta os ingresos netos actuais sometidos a gravamen.

b) No caso de que a persoa beneficiaria tivese cónxuxe ou parella de feito, a capacidade económica será a metade da suma da renda de ámbolos dous membros da parella.

c) Cando a persoa beneficiaria conviva con ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores en situación de discapacidade (recoñecida polos equipos de valoración de discapacidade e invalidez), que dependesen economicamente dela; a capacidade económica determinarase sumando a renda da persoa interesada e a de cada convivente economicamente dependente e dividíndoa entre todos eles. Considerarase persoa economicamente dependente aquela que non perciba ningún ingreso.

RENDA EN RELACIÓN Á CONTÍA DO IPREM ACTUALIZADA	PUNTUACIÓN
Inferior ó 100%	10
Entre o 100% e o 125%	8
Entre o 125% e o 150%	6
Entre o 150% e o 175%	4
Entre o 175% e o 200%	2
Máis do 200%	0

4. Informe Social que valorará á adecuación do recurso demandado á situación da persoa interesada. Máximo de 30 puntos.

Recurso que cubre as necesidades de atención.	30 puntos
Recurso complementario doutro/s recurso/s ou do apoio familiar.	25 puntos
Recurso temporal mentres se resolve o trámite de recursos máis axeitados ou a intervención coa familia para que presten apoio.	20 puntos
Situación non prioritaria	5 puntos
Recurso innecesario ou que non pode solventar a necesidade de atención	0 puntos

Artigo 10. - Suspensión ou modificación do servizo

1. A suspensión temporal efectuarase nos seguintes supostos
 - a) Ausencia da persoa beneficiaria do seu domicilio: por vacacións, viaxes, ou ingreso temporal en centros sanitarios / residenciais por un tempo inferior a 45 días. Este prazo poderase ampliar se está convenientemente xustificado.
 - b) Cambio de domicilio no mesmo municipio, mentres non se realice a nova valoración social.
1. Con carácter xeral, a modificación das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo poderá dar lugar a cambios nas condicións da prestación nas que fora concedida inicialmente. Os cambios circunstanciais en calquera caso, deberán reflexarse no expediente individual.

2. Procederase mediante a emisión dun Informe Social e a correspondente comunicación ó Consorcio polo órgano competente.

Artigo 11. Extinción do Servizo.

1. Causas de extinción do servizo:

- a) Falecemento da persoa beneficiaria.
- b) Renuncia voluntaria da persoa beneficiaria ou do representante legal /gardador.
- c) Incumprimento do pagamento dun máximo de dúas cotas establecidas do servizo.
- d) Incumprimento reiterado da normativa e das condicións establecidas para a prestación do servizo.
- e) Ausencia reiterada do domicilio, sen avisar con antelación e/ou xustificar a ausencia durante nos días de reparto dos menús.
- f) Ausencia do domicilio superior a 45 días e sempre que ésta, non esté convenientemente xustificada.
- g) Cambio de domicilio a outro concello.
- h) Modificación das causas que deron lugar a concesión do servizo.
- i) Ingreso nun centro ou equipamento residencial con carácter definitivo.
- j) Por precisar asistencia de carácter especializada para as actividades da vida diaria que non corresponde a este servizo.
- k) Ocultamento ou falsidade dos datos que foron tidos en conta para a concesión do servizo.
- l) Cese do Programa.

2. Procedemento:

1º. Emisión dun Informe Social que reflexe a/s causa/s de extinción.

2º. Resolución do órgano competente e notificación a persoa interesada.

Artigo 12.- Derivación e coordinación co Consorcio.

1. Tras a resolución de concesión do órgano competente comunicarase os datos da persoa interesada ó Consorcio.
2. O Concello de Noia agardará a comunicación do Consorcio que indique a data da primeira visita ó domicilio e o inicio de reparto dos xantares.
3. A primeira visita domiciliaria realizarase conxuntamente pola/o traballadora/or social do concello e o persoal de reparto.
4. No caso de suspensión temporal, modificacións ou extinción, o órgano competente comunicará ó Consorcio as variacións oportunas para o reparto de xantares.

Artigo 13.- Funcionamento do servizo.

Inicio: ó comezo do servizo comprobarase que as persoas beneficiarias do servizo dispoñan de microondas, frigorífico, menaxe e calquera elemento adecuado para a preparación e inxesta dos

xantares. Nos supostos de que as persoas beneficiarias non dispoña de microondas ou frigorífico que se adapte as necesidades do servizo, porase a disposición dos/as mesmos/as un microondas e/ou un frigorífico en rexime de depósito

Desenvolvemento: entrega dos xantares:

- a) Os xantares entregaranse un único día á semana. As persoas beneficiarias do programa recibirán no seu domicilio, sete bandexas diferentes co xantar para cada día da semana, durante o período en que se atope de alta no servizo.
- b) A distribución dos xantares organizarase en barquetas individuais de polipropileno apto para rexenerar en microondas e autorizado para estar en contacto cos alimentos, que incluírán no seu interior, primeiro prato, segundo prato e sobremesa, consonte cos menús determinados no presente documento.
- c) Os transporte dos menús ata o domicilio das persoas beneficiarias do programa, realizarase en vehículos adaptados mantendo a temperatura e a refrixeración imprescindible.
- d) O horario de entrega dos xantares será preferentemente de 09.00 da mañá a 14.30 da tarde, coas variacións horarias necesarias consonte ao servizo. Comunicarase a cada unha das persoas beneficiarias o día de entrega e a hora aproximada.
- e) O persoal repartidor ensinará a persoa beneficiaria ou a persoa responsable da preparación das comidas o procedemento correcto para preparar os alimentos, de retirar as comidas caducadas e revisar a temperatura do frigorífico. Igualmente informará e asesorará a persoa beneficiaria naquelas cuestións e dúbidas que presente respecto ao servizo.

Avaliación: anualmente realizarase unha revisión xeral dos expedientes abertos, a fin de avaliar o grao de consecución dos obxectivos e adaptación ás necesidades do programa xantar na casa. Valorando a idoneidade da continuidade da prestación do servizo.

Artigo 14.- Financiamento do servizo

1. A forma de financiamento do servizo será a que se especifica a continuación.

- a) No financiamento de cada menú participará o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, o concello de Noia e a persoa beneficiaria.
- b) A persoa beneficiaria fará unha achega económica segundo ó porcentaxe establecido polo Consorcio para cada ano, ó igual que as entidades que participan na xestión do programa.
- c) A persoa beneficiaria aboará con carácter anticipado nos primeiros dez (10) días de cada mes.

2. Supostos especiais de pagamento

- a) No caso de que a persoa beneficiaria non abonase por adiantado a contía correspondente, poderase autorizar á interrupción da prestación do servizo.
- b) No caso de que se comunique a suspensión en tempo e forma establecida non se abonará o servizo durante o período de tempo que dure a suspensión temporal.
- c) No suposto de baixas que non se comunicaron en tempo e forma establecida por motivos de forza maior (falecemento, hospitalización, etc.) acreditadas documentalmente, o importe do servizo abonarase polo Consorcio.
- d) Os xantares que non se puideron entregar nos domicilios indicados por ausencia, por causas imputables á persoa beneficiaria, se quedase acreditada a comunicación da hora de entrega, aboaranse na súa integridade directamente a persoa beneficiaria do servizo.
- e) No caso de que a entrega dos xantares se efectuase fóra da franxa horaria fixada e o servizo non fose recibido, non se aboará devandito servizo.
- f) Con relación ao abono anticipado da persoa beneficiaria polos servizos a recibir durante o

correspondente mes, as incidencias que puidesen xurdir na facturación mensual tanto en maior ou menor importe a abonar, procederase a axustar as diferenzas dos importes abonados ou pendentes de abonar no mes inmediato seguinte, procedendo a súa regularización.

Disposición adicional

A prestación do servizo obxecto deste regulamento supeditarase ás dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada momento e á continuidade do programa xantar na casa.

Disposición derradeira

O presente regulamento, que consta de catorce artigos, unha disposición adicional e unha disposición derradeira, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ANEXO I

SOLICITUDE DO PROGRAMA XANTAR NA CASA

1. DATOS DA PERSOA INTERESADA

NOME E
APELIDOS: _____

—

DNI/NIE: _____ DATA DE
NACEMENTO: ____/____/____

SEXO: Home Muller ESTADO CIVIL: _____ Nº SEG.
SOCIAL: ____/_____

ENDEREZO: _____

C.P.: _____

PARROQUIA: _____

MUNICIPIO: _____

PROVINCIA: _____

TELÉFONO/S: _____

DOMICILIO ALTERNATIVO PARA O REPARTO DE XANTARES:

DIRECCIÓN: _____ TLF: _____

2. DATOS DA/O REPRESENTANTE

	Nome e apelidos	Parentesco	Data de nacemento	Teléfono
1				
2				

3. REQUISITOS DE ACEPTACIÓN DO SERVIZO

Que se compromete a aboar a cantidade económica correspondente a persoa beneficiaria do custe do servizo

Que coñece e acepta as condicións e o funcionamento do servizo XANTAR NA CASA

Autoriza a entidade _____ para o acceso ao seu domicilio a efectos da prestación do servizo solicitado.

En Noia, a ____ de _____ de 20 ____

Sinatura: Persoa interesada Representante

O/A ALCALDE/ALCALDESA DO CONCELLO DE NOIA

ANEXO II

INFORME DE SAÚDE

Emitido por:

Doctor/a			
Nº Colexiado		Centro de Saúde	

Referido a:

Nome e Apelidos			
DNI		Nº Afiliación Seg. Social	

AUTONOMIA PERSOAL PARA A REALIZACIÓN E INXESTA DE ALIMENTOS

ACTIVIDADES	SEN DIFICULTADES	ALGUNHA DIFICULTADE	MOITAS DIFICULTADES	DEPENDENCIA TOTAL
Dependencia para inxerir alimentos				
Dependencia para a preparación de comidas				
Dificultades para manter unha dieta adecuada as súas necesidades				
Mobilidade				
Dependencia para realizar xestións: compra de alimentos, bancos, oficinas				
Dependencia para manexar aparatos				

básicos: interruptores de butano, luz				
Dependencia para administra-los gastos				
Trastornos de memoria				
Orientación no tempo e no espacio				
Limitación visual				

DIAGNÓSTICO

TRATAMENTOS ACTUAIS

AFECCIÓNS MÁIS IMPORTANTES:

Diabetes		Renais e vías urinarias
Cardiovasculares		Reumatolóxicas
Dixestivas e/o Hepatobiliares		Hipertensión
Hipotensión	Outras	Especificar:

TIPO DE DIETA RECOMENDADA (SINALAR SOAMENTE UNHA OPCIÓN)

Saudable ou normal		Fácil mastigación
De réxime		Diabética de fácil mastigación
Diabética	Outras	Especificar:

PROBLEMA DE MASTIGACIÓN: Non Sí

INTOLERANCIAS ALIMENTICIAS: Non Sí (especificar: _____)

OBSERVACIÓNS

En Noia, a ____ de _____ de 20__

ASDO.: _____

ANEXO III

COMPROMISO CONTRATO DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

DO SERVIZO XANTAR NA CASA D./Dna. _____ con DNI
nº: _____ como persoa interesada no Programa Xantar na Casa do Concello de Noia.

D./Dna. _____ con DNI nº: _____ como
representante da persoa interesada.

Autorizo o acceso a miña vivenda do persoal repartidor a efectos da correcta prestación do servizo Xantar na Casa e comprométome a atender e realizar as indicacións que sobre o mesmo se me faciliten.

En Noia, a..... de..... de 20..

Sinatura: Persoa interesada Representante

ANEXO IV

SOLICITUDE DE DOMICILIACIÓN BANCARIA DO SERVIZO XANTAR NA CASA

A favor de:

En concepto de:

Datos da persoa interesada

N.I.F.	NOME E APELIDOS

Entidade bancaria

--

Oficina

--

Titular da conta

--

Codigo conta cliente (20 dixitos)

ENTIDADE	OFICINA	D.C	NUMERO DE CONTA

(Selo da entidade bancaria)

En Noia, a _____, de _____ de 20__

Sinatura: Persoa interesada Representante

MOCIÓN DE URXENCIA

Previo o tratamento do apartado de Rogos e Preguntas o señor González Domínguez di que querían introducir unha moción vía urxente, unha moción conxunta, asinada polos grupos municipais do PP e do BNG, unha moción que versa, en síntese sobre a pretensión do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, na súa intención de recuperar para o Estado Central a competencia que ostenta Galicia desde o ano 1982, estase a referir ao ámbito do sistema portuario noiés....

O señor alcalde interrómpeo e dille que se antes de explicar a moción se debería xustificar a urxencia.

Sr. González Domínguez.- Continúa dicindo para que a xente entenda do que falan...

O señor alcalde interrómpeo e repítelle que antes de entrar no fondo, porque por maioría se vai a aprobar a urxencia, dille se podería entrar a explicar os motivos da urxencia.

Sr. González Domínguez.- Dirixíndose ao señor alcalde contesta que a urxencia fundaméntase nos propios prazos establecidos polo Ministerio que fala do 16 de xullo como data tope para contestar á súa pretensión.

Sr. alcalde.- Anuncia o voto negativo do se grupo porque é práctica habitual, había tempo, non é tan urxente, e consideran, porque sempre se fixo así, había certo pacto, as mocións sempre se admitiron e se meteron como puntos na Orde do Día, cre que os grupos da oposición están rompendo un certo consenso que existía ao respecto e, polo tanto, anuncia o voto en contra da urxencia porque ata agora todos os puntos que presentaron se incluíron na Orde do Día, e se esa vai ser a práctica, eles sentiranse moralmente lexitimados para presentar as súas mocións por urxencia a partir de agora.

Sr. González Domínguez.- Di que a urxencia ven dada precisamente polos prazos que marca o Ministerio, e a eles eses prazos, ou desa pretensión do Ministerio, tiveron coñecemento da mesma na mañá de onte, o BNG nunca tivo problema para anticipar coa suficiente antelación calquera tipo de moción, versase sobre o que versase, non tivo impedimento ningún de intentar dialogar e pactar os contidos das propostas, o que pasa é que a realidade dos feitos é que o Ministerio quere birlarnos a competencia que ten a Comunidade Autónoma, tenllo que dicir agora, con todos os respectos, co seu silencio cómplice, e iso non se fai.

Sr. alcalde.- Di que entenden que nos grupos da oposición, había unha regra de xogo, consensuada dende o principio, que se respectou sempre, agora se senten lexitimados para en calquera momento presentar unha moción de urxencia porque xa ve que os pactos entre cabaleiros só os respecta unha parte.

A Presidencia somete a votación a ratificación da urxencia da moción co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos polas concelleiras e concelleiros do PP señores Pérez Insua e Somoza Lorenzo, señora García Hermida, señor Trillo Suárez, señora Rosende Paz, señor López Pais e señoras Creo Luhía e Reino Castro e concelleiros e concelleira do BNG señores González Domínguez e Castro Campos e señora Caramés Hermo.

VOTOS EN CONTRA: Cinco (5), emitidos polas concelleiras e concelleiros do PSdeG-PSOE señores García Guerrero e García Novo, señora Mariño González, señores González Canabal e Rodríguez Agulleiro.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación aproba a ratificación da urxencia da moción presentada e, en consecuencia procédese ao tratamento do asunto.

MOCIÓN SISTEMA PORTUARIO DE NOIA.

O señor Pérez Insua procede a dar lectura á moción de data vinte e cinco de xuño de dous mil dez, formulada conxuntamente polos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego:

<<Os grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego formulan, ao abeiro do establecido no artigo 21.2 do Regulamento Orgánico do Concello de Noia, a seguinte

M O C I Ó N

Exposición de motivos:

A importancia histórica do porto de Noia ven desde a súa fundación polo Rei Fernando II, no ano 1168 como porto de Compostela, coidando que a estas alturas ninguén lle negará a esta vila a súa historia como porto receptor de numerosos peregrinos que viñan por mar para continuar logo

ata Santiago de Compostela, nin a súa enorme importancia comercial que mesmo o levou a ser un dos portos máis importantes de Galicia, xunto co de Pontevedra.

A súas condicións naturais propiciaron todo o anterior, pero tamén foi a mesma natureza co progresivo depósito de lama no fondo da ría, a que fixo desde séculos que o porto fora perdendo pouco a pouco o seu calado.

Esta situación, e diante da demanda de diversas entidades de Noia, levou a que xa no ano 1952, D. Eduardo Álvarez Valderrama redactara un primeiro proxecto que pretendía a formación dunha canle duns 1500 metros de lonxitude cunha anchura de 60 metros e con un calado de 1,60 metros por debaixo da baixa mar viva equinocial, proxecto que na súa redacción definitiva permitía o acceso a Noia de barcos desde un calado de 3,60 metros e 1.300 toneladas de desprazamento que poderían entrar todos os días, ata barcos de 4,41 metros de calado medio e 2.600 toneladas de desprazamento que poderían entrar coa marea viva mensual. Este proxecto que mesmo algúns con enorme ousadía se atreveron a cualificar de inviable técnicamente, MESMO RECIBEU FELICITACIÓNS DA SUPERIORIDADE pola súa orixinalidade, xa que entre outros importantes aspectos e mediante un estanque de cabeceira, conseguía manter o calado da canle de acceso de forma natural.

Hai todo un traballo realizado que analiza aspectos técnicos e económicos, entre outros, que insiste continuamente na proximidade a Santiago de Compostela e na importancia que ese feito ten para o porto de Noia, e que nel tamén poden ver que a falta dunha consignación económica que ascendía a 5.332.023,01 de pesetas, levou a colmatación da ensenada de Noia ao punto no que hoxe está.

O espazo portuario do proxecto (escollera e porto) xunto co espazo cara ao oeste comprendido entre Punta Abruñeiras e a desembocadura da rúa Ferrador, foi o que polo Real Decreto 3217/1982, do 24 de xullo de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Portos, lle foi transferido á Xunta de Galicia en base á competencia exclusiva constitucional e estatutariamente recoñecida en materia de determinados portos.

Esa transferencia permitiu que Portos de Galicia puidera actuar na parte de terra entre o Peirao do Marqués e Punta Abruñeiras, dándolle a esa zona a importancia que hoxe en día ten, e investindo nela máis do que nunca fixo Costas do Estado en todo o espazo da súa competencia, por certo, a maioría do esteiro interior da ría de Noia.

O sinalado é dabondo para quen queira entender que, Noia non ten un novo porto dos que a Lei de Costas 22/1988 do 28 de xullo dese ano contempla nos seus artigos 49 e 50, senón que é unha condición que xa se conquistara nas transferencias de 1982.

Que agora o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, ao traveso da Secretaría Xeral do Mar pretenda a REVERSIÓN deste ben de dominio público como así se desprende do escrito asinado pola Directora Xeral de Sostibilidade da Costa e o Mar de data 11 de xuño do ano 2010, deixando a Noia definitivamente sen o seu histórico porto, en base a que, existe un proxecto de interese xeral como consideran á demolición da escollera, aducindo que o porto de Noia perdeu as súas características, leva a que os grupos municipais asinantes da presente moción, queiramos deixar constancia de:

a.- A pretensión do Ministerio leva a que Noia perda definitivamente o seu porto e con el a súa historia e unha parte importante de súa personalidade, convertendo a Noia nunha vila afastada do mar ao igual que os nosos veciños da Serra de Outes perdendo así un enorme potencial de vida e

riqueza como se acadaría rematando a obra portuaria, o que faría desta vila a primeira en potencial náutico de recreo en Galicia feito este que, xunto coa rexeneración do resto do litoral e recuperación do potencial produtivo e aproveitando o seu potencial turístico e proximidade a Santiago, sentaría as bases do seu definitivo desenvolvemento e recuperación do seu papel histórico.

b.- O cambio do marco xurídico do espazo lindante co porto de Noia comprendido entre o Peirao do Marqués e Punta Abruñeiras, virá a ocasionar numerosos problemas aos veciños desde o punto de vista urbanístico, na súa colisión coas determinacións da Lei de Costas. Por poñer un exemplo, isto significaría que o barrio de Labarta quedaría fora de ordenación.

c.- É un ataque frontal á autonomía galega. Esta terra xa ten poucas competencias exclusivas e feitos como este o único que levan a pensar é que para o Goberno Central o noso autogoberno depende do seu antoxo, e de non facer o que eles queren mesmo retorcen as normas para acadar os seus fins.

d.- Pretenden aplicarlle aos demais algo que eles non fan, que abonda mirar para o espazo da súa competencia para ver como está, que podemos ver no fronte do casco histórico, na Chainza, no Baixo Obre, etc.

e.- Para cumprir un novo capricho irresponsable do sr. Alcalde cunha intención puramente electoralista a través dunha operación estética de consecuencias imprevisibles, Costas do Estado privaría a Noia do seu histórico porto de xeito irreversible.

f.- En lugar de retirar o denostado proxecto de demolición da escollera e colaborar como ben lle dí o artigo 116 da Lei que pretenden utilizar contra a competencia exclusiva de Galicia para que cada un, dentro do seu marco competencial, participe dun verdadeiro proxecto de rexeneración integral na ría, co que veñen, é cunha actuación de enfrontamento para, repetimos, tapar unha irresponsable promesa. Neste senso Portos de Galicia xa manifestou a súa disponibilidad para acometer entre ámbalas administracións un verdadeiro proxecto de rexeneración e da súa posta en valor recuperando os usos portuarios, deportivos, recreativos e mesmo as posibilidades de ampliación dos espazos de produción marisqueira, potencialidades que hoxe en día se manteñen intactas.

g.- O recente nomeamento de Noia Porto de Compostela polo ente autónomo Portos de Galicia perderíase e a loita de Portus Apostoli que abandeiran as entidades comerciais e empresariais da vila carecería de todo sentido.

Por todo canto se sinalou, proponse ao Pleno do Concello de Noia, a adopción dos seguintes

A C O R D O S

1.- O Pleno do Concello de Noia diríxese ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño; Secretaría Xeral do Mar, Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar para que archive o expediente referencia G-6 GALICIA, con asunto “Solicitud de renuncia de terrenos adscritos a la Comunidad Autónoma de Galicia relativos al puerto de Noia (A Coruña)” expediente co que pretenden a reversión do Porto de Noia polos motivos que se sinalaron nos apartados anteriores. O Pleno do Concello de Noia demándalle así mesmo a retirada do proxecto de demolición da canle de acceso a Noia con redacción dun verdadeiro proxecto de rexeneración no ámbito da

súa competencia ao obxecto de investir á maior brevidade posible a cantidade de 1.658.837,96 euros previstos.

2.- Dirixirse así mesmo ao Goberno da Xunta de Galicia, Consellería do Mar, Portos de Galicia para que con cantos medios teña ao seu dispor se opoña á reversión pretendida, defenda as súas competencias exclusivas e con elas o porto que Noia non pode perder. Pedímoslle así mesmo que ao igual que actuou na franxa portuaria de terra o faga no espazo marítimo, redactando o oportuno proxecto de actuación e programando os correspondentes investimentos.

3.- O Pleno do Concello de Noia acorda así mesmo dirixirse aos Grupos Parlamentares que conforman o Parlamento de Galicia para que tomen tanta iniciativa consideren na defensa das competencias en materia de portos que esta terra ten, e con elas o porto que Noia nin Galicia poden perder.

Aberta a quenda de debate prodúcese as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Pérez Insua.- Di que sempre entendeu a vida política municipal como exercicio da identificación das necesidades do pobo e da habilidade de conseguir os recursos para poder resolvelas, para deste xeito poder proporcionarlle o máximo benestar aos veciños, sendo así esta unha máxima que sempre creu que era compartida por todos os grupos políticos e as persoas que os conforman, espera que sexa a súa ideoloxía.

Pódese dicir que todos coinciden na maioría das necesidades básicas pendentes de resolver na Vila, entre elas, desta necesidade de darlle solución ao esteiro, á ensenada do Porto de Noia, cun proxecto de rexeneración integral e de máxima urxencia.

Na procura deste obxectivo de solución conxunta integral, deben estar todos, máis alá do apuntamento de calquera tanto ou renda política individual, debe resolver esta situación, debe resolverse a través da colaboración de todos os organismos que queiran e poidan contribuír, e por iso desde Noia mostrarían o seu agradecemento a calquera organismo estatal que quixera participar neste proxecto.

Pero, dende logo, o que Noia no quere, nin vai consentir, é que o Estado lle quite as competencias ao Ente Autonómico da Xunta de Galicia, Portos de Galicia, e perda, en consecuencia, o seu status de porto, desaparecendo definitivamente como tal e pase a ser un punto máis da costa española, coas consecuencias de afectación conseguinte, tanto de índole urbanístico como da proxectada solución na recuperación da entidade mariñeira da Vila que se perdería para sempre, amén de ter que renunciar a calquera outra intervención na aspiración de recuperar e reordenar o seu entorno.

Dirixíndose ao señor alcalde dille que non permita que coa aplicación do artigo 107, non permita a venda do Porto de Noia, Noia non está en venda, e que se sume a esta proposta de proxecto conxunto de case que os dous terzos de concelleiros desta corporación, non se esqueza que o están presentando 11 de 17, e deste xeito non pasará á historia da Vila como o alcalde que vendeu o Porto de Compostela, como alcalde que vendeu Portos Apostoli.

Sr. Castro Campos.- Pide desculpas polo seu atraso, pero polo menos chegou ao punto máis importante, polo menos chegou a iso, aínda que a moitos lle poida parecer unha enorme irresponsabilidade pensar que esta Vila, os que están aí diante que para nada serve, que importe que o día de mañá convertida nunha xunqueira como ben explicou o BNG, e todos os outros que din que deben de ter moitos técnicos, non se atreveron a rebater en ningún ámbito, nin sequera se dignaron a vir a unha radio que hai aquí, para contrastar as súas ideas, nin se molestaron en volver a traer os seus técnicos, para que dixeran o que eles din diante da sociedade, esa inmensa mentira

de que quitando a escollera se vai a lama, porque sabían que non lle ían dicir iso, porque eses mesmos técnicos xa dixeran diante deles e máis doutros que iso era unha inmensa mentira.

Non estaban contentos con que a maioría das forzas políticas e, polo tanto, a maioría da sociedade noíesa lle dixeran que ese non era o camiño, senón que tiveron que intentar este golpe baixo, intentar darlle este golpe baixo á Autonomía, utilizando de forma absolutamente torticeira o artigo 49 e 50 da vixente Lei de Costas para intentar unha reversión que eles entenden, a parte de ilegal, entenden insultante. É triste ver que en Madrid quen fai iso a instancias de alguén que pretende unha foto, sen importarlle absolutamente nada, repite, sen importarlle absolutamente nada, só quere unha foto, a ver se así segue nese asento, pero é ben triste que en Madrid haxa galegos, galego, que consintan iso, será que a Autonomía Galega ten moitas competencias, “non se preocupen vostedes”, ten moitísimas, e como tantas ten ármase todo o que faga falta para aínda quitarllas, xente galega, que logo vai dicir que é galeguista e vai presumir “de non sei que” nas campañas en distintas televisións, iso si que é curioso, desde o Ministro ata o Secretario de Estado e demais, galegos, pasando polo Delegado do Goberno, galegos, atendendo a unha persoa que cunha enorme irresponsabilidade fai un plantexamento de tamaño calibre como o que se ten feito ao respecto do Porto de Noia no Ministerio de Medio Ambiente.

O BNG presentouse á campaña electoral nas pasadas eleccións municipais cun programa claro, clariño, ao respecto do mar de Noia e ao seu porto, levan todo este tempo insistindo que o que se pretendía era unha desfeita para Noia e hoxe séguese no mesmo camiño, porque cando se lle ofrece algo á cidadanía, pensa que o fan coa máxima convicción. Noia, repite, como dixeron durante a campaña electoral e neste tempo, ten un porto que ten un potencial inmenso, a ponte como dicía algún, poderá minguar parte del, efectivamente, pero aínda así lle vai quedar moito, non é ningunha risa, e estase nun punto de, en vez de rirse, porque a ponte pode minguar unha parte do potencial do porto, había que ter actuado conforme ao que o BNG propuxo en novembro, creando unha comisión para dende a corporación trasladarlle á Xunta de Galicia a necesidade de subir a ponte no seu arco interior e o grupo de goberno, “uns absolutos incompetentes” desde o punto de vista político, “absolutos incompetentes”, ao día de hoxe aínda nada fixeron....

O señor alcalde róggalle que se dirixa cun mínimo de educación ao grupo de goberno, á Presidencia e ao resto de concelleiros, agarda del que saiba comportarse cun mínimo de educación, se é posible. Dálle un primeiro aviso á señora García Hermida, non están facendo nin comentarios nin apreciacións persoais, e se quere interromper, sabe que aquí non é o sitio, pida a súa quenda e fale con educación.

Sr. Castro Campos.- Continúa a súa intervención e di que explicarlle unha vez máis como cre que xa leva facendo ao longo destes últimos tres anos, de que el como concelleiro e como persoa, con ningún deles como persoas se está a referir nunca, refírese a competencia ou incompetencia, ao seu cargo público, nada desde o punto de vista persoal....

O señor alcalde interrómpeo para dicirlle que siga o fío do asunto.

Sr. Castro Campos.- En lugar de mostrar actitudes como as que acaba de mostrar, se tiveran actuado e el como alcalde lle correspondería encabezar ese acordo plenario, ao mellor estaban falando doutra historia. Non renuncian e así o están trasladando continuamente, en todos os ámbitos que poden, a que a ponte non mingüe para nada a capacidade do Porto de Noia, hai tempo que teñen a convicción de que, polo menos algunha corrección que aumente o seu potencial terá, e lémbrollle, por se aínda non lle queda claro, que unha parte do porto vai quedar por fóra da ponte, polo tanto, determinado tipo de barcos, de maior altura de pau, poderían atracarse . Polo tanto, insiste, a eles gustaríalle que Noia puidera ter un porto que puidera organizar un encontro de embarcacións tradicionais diante do seu casco histórico, gustaríalles e o dixeron miles de veces, que fora realmente un Portus Apóstoli, que pola Peregrina puidera subir quen quixera e arrancar desde aí o camiño de Noia a Santiago como se fixo nos séculos, XII, XIII e XIV, iso pódese facer.

Insisten en que Noia ten un potencial inmenso, a Noia non se lle pode quitar baixo ningún concepto o seu porto como pretende a Administración do Estado, sería como quitarlle como ben di un texto da moción que presentaron, “parte do seu ser”. Hai que recuperalo, darlle vida, porque caben, como dixo moitas veces, centos e centos de embarcacións, e é máis, non é que haxa que quitar competencias á Xunta de Galicia do ente portuario de Noia, o que había era que aumentarllas, porque non entenden como todo o Malecón de Gasset, todo, non pertence á entidade portuaria. O trozo que lle deron, veu dado polo proxecto do anos 50, ese proxecto incluso case insultado, un proxecto que era interesantísimo para a Vila de Noia, aínda que algúns axentes sociais pensen que agora como non hai curtidurías, efectivamente os tempos mudaron, obviamente o tráfico mercante todo o que era a beiramar foise, o potencial dos barcos mercantes é moi superior ao que pode entrar en Noia. Pero insisten unha vez máis, hai listas como a 6ª, a 7ª, a lista 8ª das Administracións Públicas, todo iso combinado coa preciosidade desta paisaxe do que é esta Vila e do que é o seu entorno, estarmos ao lado da capital de Galicia, todo iso, repite, era unha fonte inmensa de riqueza para esta Vila, aínda que algún pensa que iso non vale para nada, esa obra que se iniciou a mediados do século pasado, non vale absolutamente para nada e, en vez de acabala o que queren facer é converter todo nun continuo de xunqueira ao igual que os veciños da Serra de Outes que por desgracia perderon o seu mar, porque naqueles tempos non se podía actuar como hoxe en día si se pode actuar.

Polo tanto, insistir, Noia baixo ningún concepto pode perder o seu porto e eles nesta loita estarán, estiveron, están e estarán ata o final, e teñen a convicción de que non se vai consumir esa vergoña que se pretende e, os señores de Costas, que miren para a súa casa, que miren para o que teñen feito, que se deixen sempre de promesas como lle teñen dito ao seu compañeiro Francisco Rodríguez hai catro anos, xa no Parlamento do Estado, que estaba redactando un proxecto de rexeneración da Chainza, hai catro anos, non se acordaron de vir con el, aí ningunha realidade se ve, todo promesas, ven a casa allea, atrévense a dicir que Portos de Galicia non investiu no Porto de Noia, entón quen fixo o espacio que está aí abaixo, o paseo marítimo, quen o fixo, a Autonomía Galega, pregunta se fixeron eles algo parecido, actuaron en San Lázaro e pouco máis, pero nada comparable co que fixo Portos de Galicia, por que pretenden utilizar de forma torticeira a Lei de Costas, teñen primeiro que mirar a súa casa e teñen dabondo onde traballar na súa casa, dabondo, porque o que teñen aí non é pouco. Polo tanto, que reflexionen, que colaboren coa Administración Galega que lle está tendendo a man e que invistan ese diñeiro, como se lle di na moción, en facer algo, dentro do seu ámbito, de proveito para Noia e que non utilicen aos demais, buscando enfrontamentos e pretendendo case humillalos como pretenden con esa actuación de reversión que asina a Directora Xeral.

Sr. alcalde.- Alégrase que mencionen a gran proposta da Directora Xeral, o PSdeG-PSOE, partido galeguista onde os haxa, partido respectuoso coas autonomías, pero dentro dun Estado Español onde non van, dende logo, a deixar de loitar para que o capricho coas actitudes caciquís que un partido de non autonomía priven a uns cidadáns españois de ter rexenerada a ría de Noia.

Os grupos da oposición hoxe aquí na moción da vergoña, veñen a impedir, na moción da vergoña que traen o PP, a moción da vergoña que trae o BNG, veñen a pedir que non actúe con contundencia o Estado (dálle o 1º aviso ao señor Somoza Lorenzo), que non exerza todas as súas competencias para atender aos noieses do bloqueo da política caciquil que Portos de Galicia, e o di ben claro, pretende exercer contra o pobo de Noia, parando unha inversión, un investimento vital, a limpeza, a rexeneración do esteiro do Tambre, da nosa ría, iso é o que pretende o Estado, darlle aos noieses, fronte a quen utiliza as institucións de maneira partidista para bloquear inversións, porque diso están falando, de que o PP de Noia, o BNG, apoian a proposta de Portos de Galicia para impedir que en Noia se rexenere a ría, esa é a moción da vergoña que hoxe o PP e o BNG de Noia traen.

Falan de números, de maiorías, pero “estupidez por maioritaria non deixa de ser estupidez”, esta é a moción da vergoña, a moción de que lle piden ao Estado que abandone aos noieses e que se siga con trinta anos de abandono para a nosa ría, e falan de defender o porto, o BNG, os que botaron os camiós de lixo no porto e os que puxeron por riba un paseo marítimo, investiron en paseos

marítimos, pregunta se iso é investir nun porto, agora nos portos fanse paseos marítimos, que pretenden atracar, como está atracado o barco de Mar de Noia, é o que pretenden, poñer os barcos enriba do céspede, enriba do céspede que está enriba do lixo co que rechearon a ría, lixo que está enriba da escollera, son os cómplices dunha proposta que ten que saber ben clara a cidadanía, o BNG e o PP de Noia non queren que se limpe a ría de Noia, iso é o que traen ao Pleno os concelleiros da oposición, as propostas pseudo construtivas que esperan que o grupo de goberno non apoiem, desde logo que non contem con eles para traizoar a Noia, e agardan que o Estado exerza as medidas necesarias, autonomía se é necesario para defender os intereses dos noiezes, que galegos e galeguistas, pero que temos dereito a investimentos e que non abandonen a uns noiezes, ao capricho, á política caciquil dun goberno que non se preocupa por Noia.

Por iso, agardan e o desexan que decreten de interese xeral, que digan os grupos da oposición que non é de interese xeral limpar a ría, están utilizando o artigo 107.4, non da Lei, do Regulamento da Lei de costas, para obras de interese xeral (dálle o 2º aviso ao señor Somoza Lorenzo), el si cre que a obra de limpeza da ría de Noia é de interese xeral para o Estado e lle parece que con contundencia, que o deber dun Estado é considerar que esa obra é prioritaria para el, e se Portos de Galicia e a Xunta de Galicia, o BNG e o PP de Noia non a queren, que o sentido común dun Estado é de protexer aos seus cidadáns e o medio ambiente, actúe con toda contundencia, porque son os grupos da oposición os que a rechearon de lixo, ese porto que defenden, os que agora abandeiran que entren os barcos, como o de Mar de Noia, enriba do céspede, os que falan dos investimentos na zona portuaria, e din que fixeron paseos marítimos.

Parécelle ben, parécelle ben que non coincidan, desde logo non coincidirá con eles para impedir que se fagan investimentos en Noia, pero xa o demostraron, gústalle ter na oposición a persoas que non defenden os intereses de Noia, alégrase de que abandonara o BNG o goberno, porque dende logo se este é o motivo da súa discrepancia co grupo de goberno, alégrase de que non coincidan, eles si queren que se limpe a ría de Noia e os grupos da oposición veñen a pedir aquí que non se limpe. A moción da vergoña, a moción que quedará recordada como o día 25 de xuño, cando o PP de Noia e o BNG de Noia quixeron impedir que se limpe a ría de Noia, non contem con eles, non contem con eles para traizoar algo que prometeron todos, e o PP tamén, a retirada da escollera, e fálannles a eles de electoralistas, o prometeron e agora queren impedilo, tanta hipocresía, tanto lles interesa chegar a este asento, tanto lles interesa, a costa de que non se fagan as obras que todos os cidadáns demandan. Desde logo non contem con eles, eles si defenden que se retire a escollera, eles si defenden que se limpe a ría, e polo mecanismo que sexa e xa, os grupos da oposición non. Que o aproben pero que non contem co seu apoio nin co seu aplauso, que se dean as grazas entre eles, porque menuda gracia que teñen cando veñen ao Pleno a pedir que non se limpe a ría de Noia, non contem con eles para traizoar aos intereses de Noia.

Dálle o 3º aviso ao señor Somoza Lorenzo.

Sr. Pérez Insua.- Dirixíndose ao señor alcalde dille que o que lle dá auténtica vergoña é a intervención de agora, iso é o que lle dá auténtica vergoña. Lémbrralle que en Venezuela hai quen fala tan alto como el, pero desde logo, non ten razón ningunha.

Que o señor alcalde aquí intente defender o indefendible, que lle oculte a este Pleno que vai a Madrid a vender o Porto de Noia e que queira pasar por alto aquí, mitineando ao estilo que antes acaba de mencionar, si que é unha auténtica vergoña.

Avergónñase de ter hoxe a vergoña de ter hoxe de compañeiro da corporación, un alcalde que se chama Rafael García Guerrero, non quere intervir máis neste pleno de hoxe.

Sr. alcalde.- Contesta que non coincide con el pero desde logo pode que non coincida no plantexamento, pero no nome, por cariño aos seus pais, non o vai cambiar, se lle molesta o seu nome “alá vostede”.

Sr. Castro Campos.- Dirixíndose ao señor alcalde dille que aínda se atreve a aloubar a proposta, o escrito da Directora Xeral e criticar a autonomía porque está tendo unha actitude caciquil que impide a limpeza do esteiro de Noia e ten a ousadía de dicir que actúan contra o pobo de Noia, que queremos impedir a limpeza e rexeneración da ría e que son os do recheo.

Explicarlle unha vez máis ao señor alcalde e a moitos dos que o señor alcalde ten medio enganados. Na moción din e se mira os antecedentes que ten no concello, chega co proxecto de portos de mediados do século pasado para ver que o proceso de sedimentación do fondo da ría, mesmo ten fotografías ao seu dispor se se quere informar, o proceso de sedimentación do fondo da ría é un proceso que ven desde a noite dos tempos, débese á propia configuración da ría, aos ríos que entran nela e á circulación da corrente mariña, iso ben o debera saber. A acumulación é anterior á escollera e por suposto continuou desde que a escollera se fixo.

Cando se lle buscou a solución da escollera por parte deses enxeñeiros, que non eran tontos, a escollera viña como solución a un proceso de acumulación que se estaba dando nese esteiro, a escollera viña como solución a un proceso de acumulación, pregunta se o queren entender e algún máis presente na sala, non é agora pretender venderlle a Noia que quitando a escollera se limpa a ría, non é nin máis nin menos que enganar á cidadanía de Noia, iso si que é unha vergoña, quitando a escollera o único que se fai é quitar as pedras que conforman os marcos desa canle e nada máis, e que convirte o horizonte nun inmenso lamazal, lama todo, nada máis que iso.

Que lle diga claro a Noia que el o quere, que o prometeu, facer algo, como os cidadáns teñen no seu interior asimilado lama-escollera, porque a nosa Vila, os que teñen 50-60 anos, 40 e moitos, a vida coincidiu co feito de que estiveron implantadas aí esas pedras, e ven como a lama vai medrando, pero é que a lama ía medrar igual se non houbera a escollera, entón o inconsciente asimila pedras da escollera-lama acumulada. No esteiro do río Tines non hai unha soa pedra e aí está, hai un proceso de acumulación de lama, exactamente igual que o de Noia, quite que o señor alcalde que é tan aficionado ao chat, á informática, a non sabe que, unha simple visión do satélite de google earth e verá como o proceso de acumulación é exactamente igual, e se quita a maior detalle google earth vai ver como lle vai quedar xa ese fondo ao longo dos tempos, porque xa están enmarcados os sangradoiros, xa están enmarcadas as canles.

Polo tanto, deixe de mentirlle a Noia, quere quitar as pedras para quitar unha foto, quere vender que é o primeiro que actúa rexenerando non sabe que, a ver se así segue no asunto. Quitar a escollera, que Noia saiba claramente, non significa que a lama se vaia, a lama non se vai ir soa, a única maneira que hai de que se vaia a lama e coa intervención humana, quitándoa, non hai outra. Pregunta se na Barquiña hai algunha escollera, se hai lama na Barquiña ou non, se no baixo Obre hai algunha escollera, se hai lama ou non. Polo tanto, a lama é un proceso natural por acumulación no fondo dunha ría e a lama a única maneira que hai de sacala, para que lle quede a Noia claro, porque ao señor alcalde é imposible, para que lle quede claro a Noia, a única maneira que hai de sacala é coa actuación do home, quitala, quitala con máquinas ou co sistema que se considere. Iso faise hoxe en día en numerosos países de Europa, nos distintos portos de marea que hai no País de Gales, en Inglaterra, en Centro Europa, se non chegar a haber actuación do home quitando a sedimentación eses portos non existían, polo tanto é unha técnica que xa daneses e todos eses países teñen máis que contrastada.

Noia necesita dun proxecto de rexeneración que leve a que se vaia a lama. O proxecto que se presentou nos anos 50 polo enxeñeiro que lle mencionaron, intentaba imitar a natureza para que ela fixera o efecto de limpeza nesa canle e manter o calado do río Tambre de 1,60 metros por debaixo da baixa mar viva equinocial a 2 metros para poder acceder a Noia co canle co calado dos barcos. Era un proxecto de imitación á natureza, era un proxecto de xente intelixente, porque hai que pensar, para concluír iso, entelequias montadas no aire como outras moitas, como as contas que hai, hoxe faise mañá desfaise, hoxe en día é a modernidade, faise e desfaise que aquí non pasa nada, pero iso era para o futuro, para que non tivera que actuar unha draga nin un só día máis e Noia tivera un porto como “Dios manda”.

O señor alcalde lémbrale que a segunda quenda de intervención é de cinco minutos e que vaia rematando.

Sr. Castro Campos.- O señor alcalde os acusa de rechear, e di que ao longo da vida política tamén se cometen erros, recoñecen que en Noia houbo unha excesiva tendencia na sociedade para facer recheos, aparcadoiros, non nega que nunha fase, cantos anos hai xa, unha parte se recheara porque se pretendía facer aparcamentos, paseo marítimo, pero non é agora a política do BNG, baixo ningún concepto, desde fai xa moito tempo. O BNG pode dicir aquí diante de todos que conseguiu invertir os termos en Noia, dentro do BNG pensa que foi polo menos un factor fundamental para meter na conciencia da cidadanía de Noia, coa que xoga o señor alcalde, porque a cidadanía de Noia ten clara unha cousa, quere limpar a ría.

Sr. alcalde.- Dille que xa superou o seu tempo. Que fala tan ben, tantas marabillas, sabe que lle custará entendelo porque llo explicaron e explicaron que o proxecto de rexeneración que se plantexa vai expulsar a colmatación a sedimentación, sabe que llo explicaron pero sabe non é capaz de entendelo, ten pouca mobilidade para adaptarse a cando lle explican algo. Ao mellor o que pretenden é, cando falan de sedimentación, refírense aos recheos que fixeron, e de aquela no goberno había concelleiros que aquí están presentes, supón que andarán cambiando de opinión segundo lles interese electoralmente, e claro e coñecido en Noia que o BNG e parte da súa dirección e concelleiros actuais foron partícipes dos recheos que houbo en Noia, sedimentación e tapar parte da escollera, de evitar que houbera os fluxos de corrente que prevían a escollera e que a taparon, e despois o taparon co paseo marítimo, esas maravillosas obras de paseos marítimos das que falan.

Pero é difícil porque lles custa entendelo, máis cando llo explicaron e llo mostraron tecnicamente que producirá un efecto de limpeza, e dende logo non conten coa súa colaboración, seguir permitindo que esas pedras sigan obstaculizando as correntes de Noia, para que o fango siga en Noia que é o que están propoñendo aquí, que se pare esta obra, non conten con eles.

Apoiarán ao Estado cando fai accións de defensa dos noieses e se ten que ser contra un goberno caciquil que intenta parar obras en Noia, agarda que os defendan das medidas da Xunta que son prexudiciais para Noia e que actúen con contundencia para facer o que piden os noieses, que é que se limpe a ría, cousa que a oposición non quere e que hoxe demostraron aquí coa moción da vergoña, a moción dos que piden que non se limpe a ría, iso si, seguro que se houbera un cambio de goberno o 22 de maio, estarían petando na porta de Costas “por favor, eses cartiños poderíades invertilos agora”, cambia moito o tema ou a súa posición dependendo en que posto están, ese posicionamento cambiaría se estiveran no goberno.

A necesidade de Noia non cambia en función de quen está gobernando, a necesidade de Noia é a limpeza da ría e para iso contarán co seu apoio e coa súa oposición, coa oposición da moción da vergoña que presentaron hoxe, por iso o grupo de goberno votará en contra, e solicitarán, pedirán e traballarán para que o Estado exerza dentro das súas competencias a defensa dos intereses duns cidadáns que forman parte do Estado Español e que non poden verse prexudicados polos intereses partidistas do PP de Noia, do BNG de Noia, e o PP da Xunta de Galicia, agardan que o Estado os defenda e terán a súa colaboración para que a ría de Noia se limpe. Dende logo, votarán en contra da moción da vergoña.

Non habendo máis intervencións a Presidencia pasa o asunto a votación, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos polas concelleiras e concelleiros do PP señores Pérez Insua e Somoza Lorenzo, señora García Hermida, señor Trillo Suárez, señora Rosende Paz, señor López Pais e señoras Creo Luhía e Reino Castro e concelleiros e concelleira do BNG señores González Domínguez e Castro Campos e señora Caramés Hermo.

VOTOS EN CONTRA: Cinco (5), emitidos polas concelleiras e concelleiros do PSdeG-PSOE señores García Guerrero e García Novo, señora Mariño González, señores González Canabal e Rodríguez Agulleiro.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Primeiro. O Pleno do Concello de Noia diríxese ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño; Secretaría Xeral do Mar, Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar para que archive o expediente referencia G-6 GALICIA, con asunto “Solicitud de renuncia de terrenos adscritos a la Comunidad Autónoma de Galicia relativos al puerto de Noia (A Coruña)” expediente co que pretenden a reversión do Porto de Noia polos motivos que se sinalaron nos apartados anteriores. O Pleno do Concello de Noia demándalle así mesmo a retirada do proxecto de demolición da canle de acceso a Noia con redacción dun verdadeiro proxecto de rexeneración no ámbito da súa competencia ao obxecto de investir á maior brevidade posible a cantidade de 1.658.837,96 euros previstos.

Segundo. Dirixirse así mesmo ao Goberno da Xunta de Galicia, Consellería do Mar, Portos de Galicia para que con cantos medios teña ao seu dispor se opoña á reversión pretendida, defenda as súas competencias exclusivas e con elas o porto que Noia non pode perder. Pedímoslle así mesmo que ao igual que actuou na franxa portuaria de terra o faga no espazo marítimo, redactando o oportuno proxecto de actuación e programando os correspondentes investimentos.

Terceiro. O Pleno do Concello de Noia acorda así mesmo dirixirse aos Grupos Parlamentares que conforman o Parlamento de Galicia para que tomen tanta iniciativa consideren na defensa das competencias en materia de portos que esta terra ten, e con elas o porto que Noia nin Galicia poden perder.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

En primeiro lugar, procede o señor alcalde a contestar ás preguntas presentadas polo BNG o 22 de xuño de 2010 no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos:

1. <<O Grupo Municipal do BNG formula, ao abeiro do establecido no artigo 27.3 do Regulamento Orgánico do Concello de Noia, a seguinte

PREGUNTA DIRIXIDA AO SEÑOR ALCALDE

Sr. Alcalde, o Pleno da Corporación Municipal de Noia, na sesión ordinaria celebrada o día 25 de setembro do ano 2009, aprobou unha moción promovida polo Grupo Municipal do BNG que versaba sobre a necesidade de que a Consellería de Traballo e Benestar cumprise o compromiso adquirido co noso Concello no ano 2008, relativo á construción da Escola Infantil.

No mesmo acordo instábase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a que “no marco do expediente administrativo que ampara a construción da conexión do corredor Brión-Noia coa estrada AC-550 en Taramancos, se compensase ao Concello de Noia pola perda da parcela dotacional existente no lugar dos Carballiños-Carracido destinada á ubicación da futura Galescola, coa entrega doutra de iguais características que faga posible a construción do citado equipamento educativo”.

No Boletín Oficial do Provincia do día 4 do presente mes de xuño, aparecía publicado o anuncio do Servizo de Infraestructuras dependente da citada Consellería de Medio Ambiente no que se

establecían os días e os lugares de pagamento do expediente de depósitos previos por mor da obra denominada “CONEXIÓN DO CORREDOR BRIÓN-NOIA COA ESTRADA AC-550 EN TARAMANCOS-NOIA”.

Na “Comisión Informativa municipal de seguimento das melloras da variante de Noia e no corredor Brión-Noia” celebrada o día 9 do mes que andamos, informounos que o Concello de Noia aparecía tamén na relación de afectados pola construción da citada infraestrutura viaria (afectación da parcela dotacional dunha superficie aproximada de 1.600 metros cadrados, situada no lugar dos Carballiños-Carracido), indicándonos pola súa parte que en función da indemnización prevista asinaríase ou non a conformidade, chegando incluso, en caso de desacordo, a súa impugnación por medio do réxime de recursos correspondente. Ao mesmo tempo indicounos que a valoración da citada parcela de propiedade municipal, efectuada polos Servizos Técnicos Municipais, ascendía a perto dos 200.000 euros.

Parece claro, sr. Alcalde, que o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Noia no mes de setembro do pasado ano, non vai ser atendido e a Consellería de Medio Ambiente decidiu a indemnización económica pola expropiación da mentada parcela dotacional, en lugar da entrega doutra de similares características.

PREGUNTAS

1ª/ Achégase o importe da indemnización pola expropiación da parcela municipal ubicada no lugar dos Carballiños-Carracido, á valoración efectuada da mesma polos Servizos Técnicos Municipais?

2ª/ Si non é así, vai o Concello a recurrir o importe da indemnización da expropiación?

3ª/ Vai adicar o Concello de Noia a cuantía percibida pola expropiación da citada parcela, á compra doutra, de similares características, a fin de ubicar no futuro a escola infantil?

Sr. alcalde.- Contesta, en relación a primeira pregunta formulada, sinala que non lle pode responder con exactitude pero a valoración da Xunta de Galicia ronda os 119.000 € e a valoración dos técnicos municipais os 200.000 €.

En relación a segunda pregunta o sr. alcalde resposta que os servizos xurídicos do Concello están estudado a valoración da Xunta pero entende que debe reclamarse.

Sobre a pregunta de si se vai a adicar a indemnización que se reciba da expropiación a adquisición dunha parcela de similares características o sr. Alcalde sinala que será o pleno o que decida a finalidade a que se adicaría esta cantidade.

2.- <<O Grupo Municipal do BNG formula, ao abeiro do establecido no artigo 27.3 do Regulamento Orgánico do Concello de Noia, a seguinte

PREGUNTA DIRIXIDA Á SEÑORA CONCELLEIRA DE DEPORTES

Sra. Concelleira, o Pleno da Deputación Provincial de A Coruña, celebrado o día 28 de maio do presente ano, acordou aprobar o expediente de modificación de créditos número 2/2010, incorporando unha subvención nominativa a favor do Concello de Noia por importe de 250.000 euros, correspondente ao investimento denominado “*Construcción dun campo de fútbol para herba*”

artificial en San Lázaro". A cuantía total da intervención está establecida en 348.706,99 euros, significando o 71,69% da mesma, a aportación que fará a Deputación Provincial.

A cuestión da construción dun campo de fútbol de herba sintética no noso Concello, non é nova, e deso falouse abundantemente nos dous últimos mandatos municipais. Intenso foi o debate mantido no seo do extinto goberno local de coalición, polas diferenzas de criterio a respecto de onde situar a nova dotación deportiva. A posición mantida polo BNG, que naquel entón, ostentaba a responsabilidade da Concellería de Deportes, era a de buscar lugares alternativos (Parque Deportivo de Agualevada) ao do Estadio Municipal de San Lázaro e os seus arredores, xa que este contaba cos seguintes inconvenientes:

- A actual instalación deportiva de San Lázaro, como ben se sabe, está construída sobre un recheo de inestabilidade comprobada, e eso condicionaba a colocación, con garantías de perdurabilidade, do material sintético.

- A posibilidade de utilizar o actual campo de adestramentos non era posible, xa que a Demarcación de Costas do Estado en Galiza, opúxose a incrementar o nivel de consolidación das instalacións deportivas no citado ámbito.

- Aínda no caso de decidir instalar o material sintético no Estadio de San Lázaro, algunhas disciplinas de atletismo, como por exemplo, o tiro con xavelina ou o lanzamento de martelo non se poderían practicar ante o risco certo de danar a herba artificial. Sin entrar xa na posibilidade da perda de homologación das instalacións de atletismo ou o dispendio que significaría o levantamento do céspede natural e o cambio por outro de tipo artificial.

En base ao relatado formulamos as seguintes

PREGUNTAS

1ª/ Sra. Concelleira, ten xa decidido o Goberno Local a ubicación definitiva da "**Construcción dun campo de fútbol para herba artificial en San Lázaro**", para o cal conta cunha subvención da Deputación Provincial de A Coruña que ascende á cantidade de 250.000 euros?

2ª/ Van a ubicalo no campo de adestramentos, no campo principal, ou como se comenta nos ambientes deportivos da vila, na explanada existente no acceso principal do Estadio Municipal?

3ª/ De que partida orzamentaria van detraer a cantidade, 98.706,69 euros, correspondente á aportación municipal?>>.

Sr. alcalde.- Contesta, que polo equipo de goberno estase traballado para a retirada do recho ilegal existente, e poder construír o campo, sinala que isto puido provocar a escapada do BNG do grupo de goberno. Queremos que Noia conte cun campo dentro da concesión existente.

Non imos detraer a aportación municipal de ningunha partida, será o pleno o que decida, dada a boa situación económica do Concello existirá a posibilidade de detraer os fondos do remanente de tesoureira sen minorar ningunha partida.(Dálle o 1º aviso ao señora Caramés Hermo).Sinala que non sabe se este acordo será ou non apoiado.

Sra. Caramés Hermo- pregunta si o campo situarase diante ou detrás da concesión.

O sr. Alcalde dallé un 2º,3º e 4º aviso a señora Caramés Hermo.

En segundo lugar, procede o señor alcalde a contestar ás preguntas realizadas na anterior sesión plenaria de data 28 de maio de 2010:

1.- Resposta á pregunta número 1, realizada polo concelleiro señor González Domínguez. Contesta que o procedemento de selección dos auxiliares de policía local foi anunciada no xornal O Correo Galego os días 6 e 7 de maio e mediante anuncio no Taboleiro do Concello.

2.- En relación á intervención número 2, realizada polo concelleiro señor González Domínguez. Entende que é un rogo.

3.- En relación á intervención número 3, realizada pola concelleira señora Caramés Hermo. Entende que é un rogo.

4.- Resposta á pregunta número 4, realizada pola concelleira señora Caramés Hermo. Contesta que intentárase trasladarlles un balance das actividades da Concelleira de Mocidade.

5.- Resposta á pregunta número 5, realizada pola concelleira señora Caramés Hermo. Contesta que os traballos de xardinería non foron externalizados, si ben certas actuacións puntuais e de calado son reforzadas e contratadas puntualmente con empresas do Concello.

6.- Resposta á pregunta número 6, realizada pola concelleira señora Caramés Hermo. Contesta que estase comezando, timidamente, coa aplicación da ordenanza de limpeza viaria, existen varias denuncias que inda non foron sancionadas.

7.- Resposta á pregunta número 7, realizada pola concelleira señora Caramés Hermo. Contesta que a día de hoxe, as solicitudes de licenza están o día, quedando só pendente de resolución unha solicitude complexa: Sinal que este ritmo non se puido manter antes xa que se estaba a implantar unha aplicación informática no departamento de urbanismo. Estase contestando no prazo dunha semana as solicitudes de licenza de obra menor, salvo en supostos complexos xuridicamente nos que a resposta pode demorarse, por outra banda os asuntos urxentes poden axilizarse máis.

8.- Resposta á pregunta número 8, realizada polo concelleiro señor López Pais. Contesta que o tractor desbrozadora funciona a tempo completo, si ben no último mes xurdiron diversas dificultades coma o clima e a carencia de medios.

9.- En relación á intervención número 9, realizada polo concelleiro señor Pérez Insua. Entende que é un rogo.

En terceiro lugar, ábrese a quenda para formular rogos e preguntas, formulándose os e as seguintes:

Sra. Creo Luhía,- pregunta polo estado da rúa Horta Nova, manifesta que está chea de socabóns que están afectando as rodas dos coches. Na mesma rúa abriuse, o carón da fontanería, unha beirarrúa por mor das inundacións, e un baixo tapouse cunhas madeiras que a día de hoxe están soltas, polo que sinala que é perigoso e prega a alcaldía que se tape.

Sr. González Domínguez.- Dirixíndose o señor Rodríguez Agulleiro e a Concelleira de Seguridade Ciudadana formula un rogo, en relación os pasos de ceбра da rúa Pedra Santaña que están cuarteados sendo difícil transitar riba deles polo que prega que se arranxen.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia, deuse por rematada a sesión ás vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina comigo o alcalde, e do que como secretaria dou fe.

A secretaria,

O alcalde,

Dilixencia: Para facer constar que a acta do Pleno da sesión realizada o vinte e cinco de xuño de dous mil dez foi transcrita ó presente libro de actas do Pleno en vinte e catro folios numerados correlativamente dende o folio serie A número 1339913 ó folio serie A número 1339936.

Noia, 2 de agosto de 2010
A secretaria accidental,

Asdo. María José Blanco Cadilla